

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA

**3760** *Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.*

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, consagrou como funcións necesarias en todas as corporacións locais e, reservadas a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, as funcións de secretaría, comprensiva da fe pública e o asesoramento legal preceptivo e de control e fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, e contabilidade, tesouraría e recadación.

Este real decreto polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional dítase no ámbito das competencias que o artigo 149.1. 14.<sup>a</sup> e 18.<sup>a</sup> da Constitución lle atribúe ao Estado, deriva da propia Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, que modifica a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e regula o novo réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, co fin de, entre outros obxectivos, garantir a profesionalidade e a eficacia das funcións de control interno nas entidades locais.

Esta regulación está contida, fundamentalmente, no artigo 92 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que prevé o desenvolvemento regulamentario das especialidades correspondentes a estes funcionarios en relación coa selección, formación e habilitación; creación, clasificación, supresión e provisión de postos reservados, así como as que afecten o seu réxime disciplinario e situacións administrativas.

Entre os principais obxectivos deste real decreto, pódense citar os seguintes:

Evitar os problemas de solapamentos competenciais entre administracións ata agora existentes.

Reforzar o papel da Administración xeral do Estado en relación cos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, ao asumir a selección, formación e habilitación destes funcionarios, así como a asignación dun primeiro destino.

Así mesmo, reforzar e clarificar as funcións reservadas aos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, ao entender que son básicas para o funcionamento das corporacións locais, especialmente a función interventora, para lograr un control económico-orzamentario máis rigoroso, no marco do desenvolvemento do artigo 213 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o que contribuirá a mellorar a toma de decisións polos cargos electos no exercicio do mandato representativo que teñen encomendado constitucionalmente.

Garantir unha maior profesionalidade e eficacia no exercicio das funcións reservadas.

Permitir unha xestión máis eficaz e homoxénea deste colectivo en todo o territorio nacional, dada a importancia das funcións que desempeñan nas corporacións locais e a súa repercusión no interese xeral.

O contido deste real decreto dedica o seu título preliminar a determinar o seu obxecto, e sinala que ten como finalidade o desenvolvemento do réxime xurídico da escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, de conformidade co previsto no artigo 92 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

O título I ocúpase da delimitación das funcións necesarias e postos reservados á escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional. Neste

título efectúa a descrición e o sinalamento das funcións necesarias e postos reservados en todas as corporacións locais, e establece, respecto das primeiras, as funcións de secretaría; control e fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, así como a función de contabilidade e as de tesouraría e recadación. Con relación aos postos reservados a estes funcionarios, inclúe os de secretaría, intervención, tesouraría e postos de colaboración cos anteriores.

O título II dedícase á estruturación da escala destes funcionarios en subescalas e categorías (secretaría, intervención-tesouraría e secretaría-intervención), desenvolvendo a regulación do seu réxime xurídico en canto á selección, promoción interna, rexistro integrado en que se inscribirá este persoal e os actos relacionados coa súa vida administrativa; sistema de provisión de postos e as súas peculiaridades e convocatorias, entre outros puntos.

O seu título III recolle as particularidades das situacións administrativas e reingresos. O título IV aclara e desenvolve detalladamente o réxime e o procedemento disciplinario destes funcionarios, con distintos órganos e administracións competentes para a apertura dos expedientes e para a sanción disciplinaria das infraccións acreditadas, segundo a gravidade destas. A incoación e sanción das faltas moi graves corresponderá ao Ministerio de Facenda e Función Pública; ás comunidades autónomas, por faltas graves; e á Administración local, polas leves.

Entre as disposicións adicionais, cabe destacar a terceira, que recolle a aplicación deste á comunidade autónoma do País Vasco e á Comunidade Foral de Navarra polo seu réxime específico, e a cuarta, aos municipios de gran poboación. As disposicións transitorias, entre outras cuestións, afectan o mantemento da actual clasificación de postos reservados ata que se produza a adaptación destes ás novas previsións estatais, integracións e concursos convocados antes da entrada en vigor do real decreto.

Como novidades destacables que se inclúen no regulamento, destácanse as seguintes:

Efectúase unha descrición detallada e actualizada das funcións reservadas aos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional que, con anterioridade, viñan establecidas no Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

En materia de clasificación de postos, establécese, como novidade, a posibilidade de que se efectúen agrupacións para o desempeño do posto de tesouraría e a posibilidade de clasificar o posto de secretaría nunha clase inferior á que correspondería, cando se efectúe unha redución de cargas administrativas, como consecuencia da asunción da xestión de determinados servizos por parte das deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares.

Así mesmo, se a corporación suprime un posto de colaboración cuberto con carácter definitivo, deberalle garantir ao titular deste un posto de traballo do seu grupo de titulación, conforme o sistema de carreira profesional propio de cada Administración pública, coas garantías inherentes do dito sistema e cuxo complemento de destino non sexa inferior, en máis de dous niveis, á do posto para o que foi designado.

En materia de titulacións exixidas para o ingreso en calquera das subescalas da habilitación nacional, exixírase a titulación universitaria exixida para o ingreso nos corpos ou escalas clasificados no subgrupo A1, de acordo co previsto no texto refundido da Lei do Estatuto básico do emprego público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.

O Ministerio de Facenda e Función Pública, tendo en conta o número de orde obtido no proceso selectivo, así como a orde de preferencia dos peticionarios, e sempre que reúnan os requisitos exixidos para o desempeño do posto, asignará aos funcionarios de novo ingreso un posto de primeiro destino na resolución do seu nomeamento como funcionarios de carreira.

Efectúase unha nova regulación dos méritos xerais, modificando determinadas puntuacións, e ao abeiro da nova regulación das porcentaxes de méritos xerais,

autonómicos e específicos, recollidos no artigo 92 bis) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Establécense as circunstancias que deben concorrer para que o Ministerio de Facenda e Función Pública poida efectuar nomeamentos provisionais excepcionais a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional que non leven dous anos no último posto obtido con carácter definitivo.

En relación cos nomeamentos accidentais, establécense, para os supostos de incapacidade temporal por períodos de tempo inferiores a un mes ou ausencia do titular do posto por vacacións, asuntos propios ou outras causas, por períodos inferiores a un mes, a posibilidade de que as comunidades autónomas, por proposta do presidente da corporación, habiliten accidentalmente un funcionario propio da entidade local, que cumpra os requisitos de titulación exixidos para o desempeño do posto.

Recóllese a posibilidade de que as comunidades autónomas poidan constituír relación de candidatos no seu ámbito territorial para a provisión, con carácter interino, de postos reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Respecto das situacións administrativas, a novidade máis importante é a de incluír dentro dos supostos da situación de servizo activo o dos funcionarios aos cales se adscribise un posto do seu grupo de titulación na mesma corporación, como consecuencia de ter sido cesados por libre designación, nun posto reservado, ou por terse suprimido un posto de colaboración do que era titular.

En relación co réxime disciplinario a funcionarios de carreira de Administración local con habilitación de carácter nacional, régulase, de forma máis extensa, a sanción de destitución, así como as peculiaridades na tramitación dos expedientes disciplinarios, e a articulación procedemental necesaria entre as diferentes administracións públicas en relación cos citados expedientes.

Igualmente, incorporáronse neste real decreto medidas que afectan a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Por último, tivéronse en conta as medidas para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, para efectos de concursos de traslados.

En definitiva, o real decreto adecúase aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Durante a tramitación deste real decreto, déuselles audiencia ás comunidades autónomas, á Federación Española de Municipios e Provincias, ás organizacións sindicais máis representativas e ao Colexio de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración local. Ademais, enviouse informe no seo da Comisión de Coordinación do Emprego Público.

Así mesmo, este real decreto está incluído no Plan anual normativo de 2018, aprobado polo Consello de Ministros o 7 de decembro de 2017.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de marzo de 2018,

DISPOÑO:

## TÍTULO PRELIMINAR

### Obxecto

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto o desenvolvemento do réxime xurídico da escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, de conformidade co previsto no artigo 92 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, e en particular:

- a) A delimitación das funcións reservadas a esta.
- b) A estrutura e o acceso á escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.
- c) A creación, clasificación e supresión de postos reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, así como as especialidades das súas situacións administrativas e réxime disciplinario.
- d) A forma de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, mediante concurso ou o sistema excepcional de libre designación, así como a normativa conforme a cal se efectuarán os nomeamentos provisionais, as comisións de servizos, as acumulacións, os nomeamentos de persoal interino e os de carácter accidental.
- e) O Rexistro integrado de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

## TÍTULO I

### **Da delimitación das funcións necesarias e postos reservados á escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional**

## CAPÍTULO I

### **Da delimitación das funcións necesarias**

#### Artigo 2. *Funcións públicas necesarias en todas as corporacións locais.*

1. Son funcións públicas necesarias en todas as corporacións locais, cuxa responsabilidade administrativa está reservada a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, as seguintes:

- a) Secretaría, comprensiva da fe pública e o asesoramento legal preceptivo.
- b) Intervención-tesouraría, comprensiva do control e a fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, e a contabilidade, tesouraría e recadación.
- c) Secretaría-intervención, á cal corresponden as funcións da fe pública e o asesoramento legal preceptivo e as funcións de control e fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, e a contabilidade, tesouraría e recadación.

2. Quen teña a responsabilidade administrativa de cada unha das funcións referidas no punto 1 terá atribuída a dirección dos servizos encargados da súa realización, sen prexuízo das atribucións dos órganos de goberno da corporación local en materia de organización dos servizos administrativos.

3. Corresponderán aos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional as funcións necesarias, dentro do seu ámbito de actuación, para garantir

o principio de transparencia e os principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade económico-financieira.

4. Ademais das funcións públicas relacionadas nos parágrafos a) e b) do punto 1 deste artigo, os funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional poderán exercer outras funcións que lles sexan encomendadas polo ordenamento xurídico.

### Artigo 3. *Función pública de secretaría.*

1. A función pública de secretaría integra a fe pública e o asesoramento legal preceptivo.

2. A función de fe pública comprende:

a) Preparar os asuntos que teñan que ser incluídos na orde do día das sesións que celebren o Pleno, a Xunta de Goberno e calquera outro órgano colexiado da corporación en que se adopten acordos que vinculen esta, de conformidade co establecido polo alcalde ou presidente dela, e a asistencia a este na realización da correspondente convocatoria.

b) Notificar as convocatorias das sesións que celebren o Pleno, a Xunta de Goberno e calquera outro órgano colexiado da corporación en que se adopten acordos que vinculen esta a todos os compoñentes do órgano colexiado, no prazo legal ou regulamentariamente establecido.

c) Custodiar, desde o momento da convocatoria, a documentación íntegra dos expedientes incluídos na orde do día e tela á disposición dos membros do respectivo órgano colexiado que desexen examinala, facilitando a obtención de copias da indicada documentación cando lle fose solicitada polos ditos membros.

d) Asistir e levantar acta das sesións dos órganos colexiados referidos na letra a) e publicala na sede electrónica da corporación de acordo coa normativa sobre protección de datos.

A acta será transcrita polo secretario no Libro de actas, calquera que sexa o seu soporte ou formato, en papel ou electrónico, autorizada coa sinatura do secretario e o visto e prace do alcalde ou presidente da corporación.

Non obstante, no suposto de que o soporte sexa electrónico, será preciso que redacte, en todo caso, o secretario da corporación extracto en papel comprensivo dos seguintes datos: lugar, data e hora da celebración da sesión; a súa indicación do carácter ordinario ou extraordinario; os asistentes e os membros que se escusasen; así como o contido dos acordos alcanzados, se é o caso, e as opinións sintetizadas dos membros da corporación que interviñesen nas deliberacións e incidencias destas, con expresión do sentido do voto dos membros presentes.

e) Transcribir no Libro de resolucións, calquera que sexa o seu soporte, as ditadas pola Presidencia, polos membros da corporación que resolvan por delegación desta, así como as de calquera outro órgano con competencias resolutivas.

A dita transcripción constituirá exclusivamente garantía da autenticidade e integridade destas.

f) Certificar todos os actos ou resolucións da Presidencia e os acordos dos órganos colexiados decisorios, así como os antecedentes, libros e documentos da entidade local.

g) Remitir á Administración xeral do Estado e á da comunidade autónoma, nos prazos e formas determinados na normativa aplicable, copia ou, se é o caso, extracto dos actos e acordos dos órganos decisorios da corporación, tanto colexiados como unipersonais, sen prexuízo da obriga que neste sentido incumbe ao alcalde ou presidente da entidade local.

h) Anotar nos expedientes, baixo sinatura, as resolucións e acordos que se diten, así como notificar as ditas resolucións e acordos na forma establecida na normativa aplicable.

i) Actuar como fedatario na formalización de todos os contratos, convenios e documentos análogos en que interveña a entidade local.

j) Dispoñer que se publiquen, cando sexa preceptivo, os actos e acordos da entidade local nos medios oficiais de publicidade, no taboleiro de anuncios desta e na sede

electrónica, certificándose ou emitíndose dilixencia acreditativa do seu resultado, se así for preciso.

k) Levar e custodiar o Rexistro de intereses dos membros da corporación, o inventario de bens da entidade local e, se é o caso, o Rexistro de convenios.

l) A superior dirección dos arquivos e rexistros da entidade local.

3. A función de asesoramento legal preceptivo comprende:

a) A emisión de informes previos naqueles supostos en que así o ordene o presidente da corporación ou cando o solicite un terzo de membros desta, con antelación suficiente á celebración da sesión en que se vaia tratar o asunto correspondente. Tales informes deberán sinalar a lexislación en cada caso aplicable e a adecuación a esta dos acordos en proxecto.

b) A emisión de informes previos sempre que un precepto legal ou regulamentario así o estableza.

c) A emisión de informe previo sempre que se trate de asuntos para cuxa aprobación se exixa a maioría absoluta do número legal de membros da corporación ou calquera outra maioría cualificada.

d) En todo caso, emitirase informe previo nos seguintes supostos:

1.º Aprobación ou modificación de ordenanzas, regulamentos e estatutos reitores de organismos autónomos, sociedades mercantís, fundacións, mancomunidades, consorcios ou outros organismos públicos adscritos á entidade local.

2.º Adopción de acordos para o exercicio de accións necesarias para a defensa dos bens e dereitos das entidades locais, así como a resolución do expediente de investigación da situación dos bens e dereitos que se presuman da súa propiedade, sempre que esta non conste, co fin de determinar a titularidade destes.

3.º Procedementos de revisión de oficio de actos da entidade local, a excepción dos actos de natureza tributaria.

4.º Resolución de recursos administrativos cando a natureza dos asuntos así o requira, salvo cando se interpoñan no seo de expedientes instruídos por infracción de ordenanzas locais ou da normativa reguladora de tráfico e seguridade viaria, ou se trate de recursos contra actos de natureza tributaria.

5.º Cando se formularen contra actos da entidade local algún dos requirimentos ou impugnacións previstos nos artigos 65 a 67 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

6.º Aprobación e modificación de relacións de postos de traballo e catálogos de persoal.

7.º Aprobación, modificación ou derogación de convenios e instrumentos de planeamento e xestión urbanística.

e) Emitir informe nas sesións dos órganos colexiados ás que asista e cando medie requirimento expreso de quen presida, respecto dos aspectos legais do asunto que se discuta, co obxecto de colaborar na corrección xurídica da decisión que se vaia adoptar. Se no debate se presentou algunha cuestión nova sobre cuxa legalidade se poida dubidar, poderá solicitar ao presidente o uso da palabra para asesorar a corporación.

f) Acompañar o presidente ou membros da corporación nos actos de sinatura de escrituras e, se así o demandaren, nas súas visitas a autoridades ou asistencia a reunións, para efectos de asesoramento legal.

g) Asistir o presidente da corporación, xunto co interventor, para a formación do orzamento, para efectos procedementais e formais, non materiais.

h) Emitir informes cando así se estableza na lexislación sectorial.

4. A emisión do informe do secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes que fosen emitidos polos servizos do propio concello e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Artigo 4. *Función de control e fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria e función de contabilidade.*

1. O control interno da xestión económico-financeira e orzamentaria exercerase nos termos establecidos na normativa que desenvolve o artigo 213 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e comprenderá:

- a) A función interventora.
- b) O control financeiro nas modalidades de función de control permanente e a auditoría pública; incluírase en ambas o control de eficacia referido no artigo 213 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo. O exercicio do control financeiro incluírá, en todo caso, as actuacións de control atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor, tales como:

- 1.º O control de subvencións e axudas públicas, de acordo co establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- 2.º O informe dos proxectos de orzamentos e dos expedientes de modificación destes.

- 3.º A emisión de informe previo á concertación ou modificación das operacións de crédito.

- 4.º A emisión de informe previo á aprobación da liquidación do orzamento.

- 5.º A emisión de informes, ditames e propostas que en materia económico-financeira ou orzamentaria lle fosen solicitadas pola Presidencia, por un terzo dos concelleiros ou deputados ou cando se trate de materias para as que legalmente se exixa unha maioría especial, así como o ditame sobre a procedencia da implantación de novos servizos ou a reforma dos existentes para efectos da avaliación da repercusión económico-financeira e estabilidade orzamentaria das respectivas propostas.

- 6.º Emitir os informes e certificados en materia económico-financeira e orzamentaria e a súa remisión aos órganos que estableza a súa normativa específica.

2. A función de contabilidade comprende:

- a) Levar e desenvolver a contabilidade financeira e a de execución do orzamento da entidade local de acordo coas normas xerais e as ditadas polo pleno da corporación.

- b) Formar a conta xeral da entidade local.

- c) Formar, de acordo con criterios usualmente aceptados, os estados integrados e consolidados das contas que determine o pleno da corporación.

- d) Coordinar as funcións ou actividades contables da entidade local, emitindo as instrucións técnicas oportunas e inspeccionando a súa aplicación.

- e) Organizar un adecuado sistema de arquivamento e conservación de toda a documentación e información contable que permita poñer á disposición dos órganos de control os xustificantes, documentos, contas ou rexistros do sistema de información contable por eles solicitados nos prazos requiridos.

- f) Inspeccionar a contabilidade dos organismos autónomos, das sociedades mercantís dependentes da entidade local, así como das súas entidades públicas empresariais, de acordo cos procedementos que estableza o pleno.

- g) Elaborar a información a que se refire o artigo 207 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e remitila ao pleno da corporación, por conduto da Presidencia, nos prazos e coa periodicidade establecida.

- h) Elaborar o avance da liquidación do orzamento corrente que se debe unir ao orzamento da entidade local a que se refire o artigo 18.b) do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.

i) Determinar a estrutura do avance da liquidación do orzamento corrente a que se refire o artigo 168 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, de conformidade co que estableza o pleno da entidade local.

j) A xestión do rexistro contable de facturas e o seu seguimento para cumprir os obxectivos da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais e da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do Rexistro contable de facturas no sector público, emitindo os informes que a normativa exixa.

k) A remisión da información económico-financeira ao Ministerio de Facenda e Función Pública, ao Tribunal de Contas e aos órganos de control externo, así como a outros organismos de conformidade co disposto na normativa vixente.

#### Artigo 5. *Funcións de tesouraría e recadación.*

##### 1. A función de tesouraría comprende:

- a) A titularidade e dirección do órgano correspondente da entidade local.
- b) O manexo e custodia de fondos, valores e efectos da entidade local, de conformidade co establecido nas disposicións legais vixentes e, en particular:

1.º A formación dos plans, calendarios e orzamentos de tesouraría, distribuindo no tempo as dispoñibilidades en diñeiro da entidade para a puntual satisfacción das súas obrigas; atendendo ás prioridades legalmente establecidas, conforme os acordos adoptados pola corporación, que incluírán información relativa á previsión de pagamento a provedores de forma que se garanta o cumprimento do prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade.

2.º A organización da custodia de fondos, valores e efectos, de conformidade coas directrices sinaladas pola Presidencia.

3.º A realización dos cobramentos e os pagamentos de conformidade co disposto na normativa vixente, o Plan de disposición de fondos e as directrices sinaladas pola Presidencia, autorizando, xunto co ordenador de pagamentos e o interventor, os pagamentos materiais contra as contas bancarias correspondentes.

4.º A subscrición das actas de arqueo.

c) A elaboración dos informes que determine a normativa sobre morosidade relativa ao cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pagamento das obrigacións de cada entidade local.

d) A dirección dos servizos de xestión financeira da entidade local e a proposta de concertación ou modificación de operacións de endebedamento e a súa xestión de acordo coas directrices dos órganos competentes da corporación.

e) A elaboración e acreditación do período medio de pagamento a provedores da entidade local, outros datos estatísticos e indicadores de xestión que, en cumprimento da lexislación sobre transparencia e dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira, gasto público e morosidade, deban ser subministrados a outras administracións ou publicados na web ou outros medios de comunicación da entidade, sempre que se refiran a funcións propias da tesouraría.

##### 2. A función de xestión e recadación comprende:

- a) A xefatura dos servizos de xestión de ingresos e recadación.
- b) O impulso e dirección dos procedementos de xestión e recadación.
- c) A autorización dos pregos de cargo de valores que se entreguen aos recadadores, axentes executivos e xefes de unidades administrativas de recadación, así como a entrega e recepción de valores a outros entes públicos colaboradores na recadación.



d) Ditar a providencia de constrinximento nos expedientes administrativos deste carácter e, en todo caso, resolver os recursos contra esta e autorizar a poxa de bens embargados.

e) A tramitación dos expedientes de responsabilidade que procedan na xestión recadatoria.

## CAPÍTULO II

### **Dos postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional**

#### Artigo 6. *Postos reservados.*

1. Son postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional os que teñan expresamente atribuída a responsabilidade administrativa das funcións enumeradas nos artigos anteriores, nos termos e condicións que se determinan neste real decreto.

2. A denominación e características esenciais dos postos de traballo quedarán reflectidas na relación de postos de traballo ou instrumento organizativo similar dos de cada entidade local, confeccionada de acordo coa normativa básica estatal.

3. O previsto no punto anterior sobre as funcións públicas reservadas non impedirá a asignación aos postos de traballo desta escala funcional doutras funcións distintas ou complementarias e dos distintos servizos da entidade local, compatibles coas propias do posto e adecuadas ao seu grupo e categoría profesional. Esta asignación de funcións será efectuada polo presidente da entidade local, en uso das súas atribucións básicas, dando conta ao pleno, e deberá figurar na relación de postos de traballo da entidade o instrumento organizativo similar.

#### Artigo 7. *Secretaría.*

1. En todas as entidades locais existirá un posto de traballo denominado secretaría, ao cal corresponde a responsabilidade administrativa das funcións de fe pública e asesoramento legal preceptivo co alcance e contido previsto neste real decreto.

2. Así mesmo, o secretario do Concello e o secretario xeral do pleno nos municipios incluídos no ámbito de aplicación do título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e nos cabidos insulares canarios, actuarán como delegados da Xunta Electoral de Zona, nos termos previstos na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

#### Artigo 8. *Clasificación das secretarías.*

1. Os postos de traballo de secretaría das entidades locais serán clasificados polas comunidades autónomas, nalgunha das seguintes clases:

a) Clase primeira: secretarías de deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares, concello de capitais de provincia e concello de municipios con poboación superior a 20.000 habitantes.

b) Clase segunda: secretarías de concello de municipios cuxa poboación está comprendida entre 5.001 e 20.000 habitantes, así como os de poboación inferior a 5.001 habitantes, cuxo orzamento supere os 3.000.000 de euros.

c) Clase terceira: secretarías de concello de municipios de poboación inferior a 5.001 habitantes cuxo orzamento non exceda os 3.000.000 de euros.

2. As secretarías de comarcas, áreas metropolitanas, mancomunidades de municipios e outras entidades locais serán clasificadas nalgunha das clases sinaladas no punto anterior pola comunidade autónoma, con base nas súas características propias.

3. Nos municipios onde exista poboación superior á residente durante importantes temporadas do ano ou nas cales concorran condicións de centro de comarca ou de localización de actividades ou de acción urbanística superior á normal ou outras obxectivas análogas, as corporacións locais poderán solicitar á comunidade autónoma a clasificación do posto de traballo de secretaría en clase distinta da que correspondía segundo o disposto no punto 1 deste artigo.

4. Nos municipios nos que se produza unha redución de cargas administrativas, como consecuencia da asunción da xestión de determinados servizos, por parte das deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares, mancomunidades ou outras entidades locais supramunicipais. A comunidade autónoma poderá reclasificar o posto nunha clase inferior a que lle correspondería segundo o disposto no punto 1 deste artigo.

#### Artigo 9. *Agrupacións de secretaría.*

1. As entidades locais cuxo volume de servizos ou recursos sexa insuficiente poderán sostener en común e mediante agrupación o posto de secretaría, ao que corresponderá a responsabilidade administrativa das funcións propias deste en todas as entidades agrupadas.

O ámbito territorial das agrupacións para o mantemento en común do posto de secretaría é autonómico, sen prexuízo dos convenios ou acordos que poidan celebrar as comunidades autónomas para constituír agrupacións entre entidades locais de diferentes comunidades autónomas.

2. Corresponde ás comunidades autónomas, de acordo coas súas normas propias, acordar a constitución e disolución de agrupacións de secretaría, a que se refire o número anterior, dentro do seu ámbito territorial.

O procedemento poderá iniciarse mediante acordo das entidades locais interesadas ou de oficio pola comunidade autónoma, dando audiencia neste caso ás entidades afectadas, e requiríndose en ambos informe previo da deputación, cabido, consello insular ou ente supramunicipal correspondente.

3. A regulación que establezan as comunidades autónomas sobre procedemento de constitución das agrupacións deberá ter en conta o seguinte:

a) Requirirase informe previo da deputación, cabido ou consello insular correspondente.

b) Unha vez aprobada a agrupación, será clasificado o posto resultante pola comunidade autónoma, e comunicarse a resolución de clasificación correspondente ao Ministerio de Facenda e Función Pública.

#### Artigo 10. *Exencións.*

1. Non obstante o disposto no artigo anterior, as entidades locais con poboación inferior a 500 habitantes e orzamento inferior a 200.000 euros poderán ser eximidas pola comunidade autónoma, logo de informe da deputación provincial, cabido ou consello insular, da obriga de crear ou manter o posto de traballo de secretaría, no suposto de que non fose posible efectuar unha agrupación doutras entidades locais para manter o dito posto.

As funcións atribuídas ao posto eximido serán exercidas polos servizos de asistencia ou mediante acumulación, de acordo co establecido nos artigos 16 e 50 deste real decreto.

2. Así mesmo, e por igual procedemento, as mancomunidades de municipios poderán ser eximidas da obriga de crear ou manter postos propios, reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, cando o seu volume de servizos ou recursos sexa insuficiente para o mantemento dos ditos postos.

Nas mancomunidades de municipios eximidas as funcións reservadas serán exercidas por funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, dalgún dos municipios que as integran ou polos servizos de asistencia ou

mediante acumulación, de acordo co establecido nos artigos 16 e 50 deste real decreto, respectivamente.

3. Co fin de garantir o exercicio das funcións reservadas, no expediente de exención concretarase o sistema elixido para o efecto. Cando desaparezan as circunstancias que deron lugar a que se eximise un posto de traballo, a entidade local afectada deberá solicitar a súa revogación e proceder á creación e clasificación deste.

#### Artigo 11. *Intervención.*

1. Nas entidades locais cuxa Secretaría estea clasificada en clase primeira ou segunda, existirá un posto de traballo denominado intervención, que terá atribuída a responsabilidade administrativa das funcións enumeradas no artigo 4 deste real decreto.

2. Nas entidades locais, cuxa Secretaría estea clasificada en clase terceira, as funcións propias da intervención formarán parte do contido do posto de traballo de secretaria, salvo que os municipios respectivos se agrupen para efectos de manter en común o posto de intervención.

#### Artigo 12. *Agrupacións de intervención.*

1. Aquelas entidades locais cuxas secretarías estean clasificadas en segunda ou terceira clase poderán agruparse entre si para o sustentamento en común dun posto único de intervención ao cal corresponderá a responsabilidade administrativa das funcións propias deste posto de traballo en todos os municipios agrupados.

O ámbito territorial das agrupacións, para o mantemento en común do posto de intervención, é autonómico, sen prexuízo dos convenios ou acordos que poidan levar a cabo as comunidades autónomas para constituír agrupacións entre entidades locais de diferentes comunidades autónomas.

2. Corresponde ás comunidades autónomas, de acordo coa súa normativa propia, a agrupación de municipios a que se refire o punto anterior.

O procedemento poderá iniciarse mediante acordo das corporacións locais interesadas ou de oficio pola comunidade autónoma, dando audiencia neste caso ás corporacións afectadas.

3. A regulación que establezan as comunidades autónomas sobre procedemento de constitución ou disolución das agrupacións deberá ter en conta o seguinte:

a) Requirirase informe previo da deputación, cabido ou consello insular correspondente.

b) Unha vez aprobada a agrupación, clasificará o posto resultante a comunidade autónoma, e comunicará a resolución correspondente ao Ministerio de Facenda e Función Pública.

#### Artigo 13. *Clasificación de intervencións.*

Os postos de traballo de intervención nas entidades locais serán clasificados polas comunidades autónomas, nalgunhas das seguintes clases:

1. Clase primeira: intervencións de entidades locais cuxa Secretaría se encontre clasificada en clase primeira.

2. Clase segunda: intervencións de entidades locais cuxa Secretaría se encontre clasificada en clase segunda e postos de intervención en réxime de agrupación.

#### Artigo 14. *Tesouraría.*

1. Nas corporacións locais cuxa Secretaría estea clasificada en primeira ou segunda clase, existirá un posto de traballo denominado tesouraría, ao cal corresponderá a responsabilidade administrativa das funcións enumeradas no artigo 5 deste real decreto.

2. Os postos a que se refire o punto anterior estarán reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional da subescala de intervención-tesouraría.

3. As entidades locais cuxa Secretaría estea clasificada en clase 2.<sup>a</sup> e 3.<sup>a</sup> poderán agruparse entre si para o sustentamento en común dun posto único de tesouraría, ao cal corresponderá a responsabilidade administrativa das funcións propias deste posto de traballo en todos os municipios agrupados.

4. As entidades locais cuxa Secretaría estea clasificada en clase 3.<sup>a</sup> poderán agruparse entre si para o sustentamento en común dun posto único de tesouraría, ao cal corresponderá a responsabilidade administrativa das funcións propias de tesouraría-recadación en todos os municipios agrupados.

Este posto está reservado a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, da subescala de secretaría-intervención.

Será aplicable a estas agrupacións a mesma regulación establecida para as agrupacións de secretaría e intervención, nos artigos 9 e 12 deste real decreto.

#### Artigo 15. *Postos de colaboración.*

1. As entidades locais poderán crear outros postos de traballo que teñan atribuídas funcións de colaboración inmediata e auxilio ás de secretaría, intervención e tesouraría. Estes postos de traballo estarán reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional e exercerán as súas funcións baixo a dependencia funcional e xerárquica do titular da secretaría, intervención ou tesouraría, respectivamente.

2. Aos citados postos de colaboración corresponderánlles as funcións reservadas que, logo de autorización do alcalde ou presidente da corporación, lles sexan encomendadas polos titulares dos postos reservados de secretaría, intervención e tesouraría.

3. Así mesmo, corresponderánlles a substitución dos titulares dos postos de secretaría, intervención e tesouraría, nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou concorrencia de causa de abstención ou recusación legal ou regulamentaria destes.

A clasificación destes postos corresponderá á comunidade autónoma, de acordo cos seguintes criterios:

a) Poderanse crear postos de colaboración ás funcións de secretaría e intervención-tesouraría e recadación, nas entidades locais cuxos postos de secretaría e intervención estean clasificados en 1.<sup>a</sup> ou 2.<sup>a</sup> clase, e postos de colaboración ás funcións de secretaría-intervención, tesouraría e recadación nas entidades locais cuxo posto de secretaría estea clasificado en clase 3.<sup>a</sup>.

b) Nas entidades locais cuxos postos de secretaría e intervención estean clasificados en clase 1.<sup>a</sup>, os postos de colaboración ás funcións de secretaría poderán ser clasificados en 1.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup> e 3.<sup>a</sup> clase, e ser adscritos, respectivamente, ás subescalas de secretaría, categoría superior, secretaría, categoría de entrada e á subescala de secretaría-intervención. Os postos de colaboración ás funcións de intervención poderán ser clasificados en 1.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup> e 3.<sup>a</sup> clase, e ser adscritos, respectivamente, ás subescalas de intervención-tesouraría, categoría superior, intervención-tesouraría, categoría de entrada e á subescala de secretaría-intervención.

c) Nas entidades locais, cuxos postos de secretaría e intervención estean clasificados en clase 2.<sup>a</sup>, os postos de colaboración ás funcións de secretaría poderán ser clasificados en 2.<sup>a</sup> e 3.<sup>a</sup> clase, e ser adscritos, respectivamente, ás subescalas de secretaría, categoría de entrada, e á subescala de secretaría-intervención.

Os postos de colaboración ás funcións de intervención poderán ser clasificados en 2.<sup>a</sup> e 3.<sup>a</sup> clase, e ser adscritos, respectivamente, ás subescalas de intervención-tesouraría, categoría de entrada e á subescala de secretaría-intervención.

Os postos de colaboración ás funcións de tesouraría nas entidades locais, cuxos postos de secretaría e intervención estean clasificados en clases 1.<sup>a</sup> ou 2.<sup>a</sup>, poderán ser

desempeñados de forma indistinta por funcionarios das subescalas de intervención-tesouraría e secretaría-intervención.

d) Nas entidades locais, cuxos postos de secretaría estean clasificados en clase 3.<sup>a</sup>, os postos de colaboración ás funcións de secretaría-intervención, tesouraría e recadación unicamente poderán ser clasificados en 3.<sup>a</sup> clase, adscritos á subescala de secretaría-intervención.

4. Se a corporación suprime un posto de colaboración cuberto con carácter definitivo, deberá garantir ao titular del un posto de traballo do seu grupo de titulación, adecuado ás funcións ou tarefas propias da súa condición profesional, conforme o sistema de carreira profesional propio de cada Administración pública, coas garantías inherentes do dito sistema e cuxa remuneración non sexa inferior, en máis de dous niveis, á do posto para o que foi designado.

No dito posto poderase permanecer ata obter outro polos procedementos establecidos neste real decreto.

#### Artigo 16. *Servizos de asistencia.*

1. As funcións reservadas a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, en entidades locais eximidas, serán exercidas polas deputacións provinciais, cabidos, consellos insulares ou entes supramunicipais. ou, se é o caso, mediante acumulación de funcións ou agrupación para sustentamento en común do posto reservado.

As deputacións provinciais, cabidos, consellos insulares ou entes supramunicipais incluirán, nas súas relacións de postos de traballo, os reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional necesarios para garantiren o cumprimento de tales funcións. En todo caso, garantirá nos municipios de menos de 1.000 habitantes a prestación dos servizos de secretaría e intervención e tesouraría e recadación.

A garantía da prestación dos servizos de secretaría e intervención e tesouraría e recadación nos municipios de menos de 1.000 habitantes non implicará a supresión do posto de Secretaría como reservado a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional da subescala de Secretaría-Intervención, nos municipios que teñan creado e clasificado o dito posto.

2. A comunidade autónoma efectuará a clasificación dos citados postos, por proposta das entidades respectivas. A súa provisión axustarase ao establecido neste real decreto.

3. De acordo co previsto no artigo 40 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde ás comunidades autónomas uniprovinciais asumir a prestación dos servizos de asistencia a que aluden os artigos 26.3 e 36.2.c) da dita lei.

## TÍTULO II

### **Dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional**

#### CAPÍTULO I

### **Estrutura da escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional e acceso a esta**

#### Artigo 17. *Subescalas e categorías.*

1. A escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional divídese nas seguintes subescalas:

- a) Secretaría.
- b) Intervención-tesouraría.
- c) Secretaría-intervención.

2. Os funcionarios integrados na subescala de secretaría poderán ter, conforme as regras deste real decreto, a categoría de entrada ou a categoría superior.

3. Os funcionarios integrados na subescala de intervención-tesouraría poderán ter, así mesmo, conforme as regras deste real decreto, a categoría de entrada ou a categoría superior.

4. Na subescala de secretaría-intervención non existe diferenciación de categorías.

#### Artigo 18. *Titulación.*

1. Para participar nas probas selectivas deberán estar en posesión, ou en condicións de obtela no momento en que termine o prazo de presentación de instancias, a titulación universitaria exixida para o ingreso nos corpos ou escalas clasificados no subgrupo A1, de acordo co previsto no texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.

2. Os aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente homologación do título. Este requisito non será de aplicación aos aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de dereito da Unión Europea.

3. Para efectos do establecido no artigo 76 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, as tres subescalas en que se estrutura a escala de habilitación de carácter nacional intégranse no grupo A, subgrupo A1.

#### Artigo 19. *Ingreso e selección.*

1. Para o ingreso na escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, en calquera das súas subescalas, exixirase, en todo caso, a posesión da nacionalidade española, ao implicar os postos de traballo reservados a esta unha participación directa ou indirecta no exercicio do poder público e nas funcións que teñen por obxecto a salvagarda dos intereses do Estado ou das administracións públicas, de acordo co disposto no artigo 4 do Real decreto 543/2001, do 18 de maio, sobre acceso ao emprego público da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos de nacionais doutros Estados a que é de aplicación o dereito á libre circulación de traballadores.

2. O ingreso nas subescalas en que se estrutura a habilitación de carácter nacional levarase a cabo mediante o correspondente proceso selectivo, conforme as bases e programas aprobados polo Ministerio de Facenda e Función Pública, que designará os tribunais cualificadores, e corresponderalle ao Instituto Nacional de Administración Pública a xestión e execución dos procesos selectivos.

3. O acceso á subescala de secretaría-intervención, á subescala de secretaría e á subescala de intervención-tesouraría levarase a cabo mediante o correspondente proceso selectivo, que constará de dúas fases:

a) A primeira fase consistirá na superación dun sistema selectivo de oposición. Aqueles que superen esta primeira fase serán nomeados funcionarios en prácticas.

b) A segunda fase implicará a superación dun curso selectivo no Instituto Nacional de Administración Pública ou en institutos ou escolas de funcionarios das comunidades autónomas, coas que este instituto subscribise convenios para o efecto.

Aqueles que superen o curso selectivo ingresarán na subescala correspondente e serán nomeados polo Ministerio de Facenda e Función Pública funcionarios de carreira de Administración local con habilitación de carácter nacional, da dita subescala e/ou categoría; os seus nomeamentos publicaranse no «Boletín Oficial del Estado».

O ingreso nas subescalas de secretaría e de intervención-tesouraría efectuarase na categoría de entrada.

4. A promoción interna á subescala de secretaría e á subescala de intervención-tesouraría levarase a cabo mediante a superación do correspondente proceso selectivo.

Artigo 20. *Acceso á categoría superior dentro da mesma subescala.*

1. O acceso á categoría superior, nas subescalas de secretaría e intervención-tesouraría, será acordado polo Ministerio de Facenda e Función Pública, logo de convocatoria pública aberta a todos aqueles funcionarios que posúan a categoría de entrada da subescala respectiva. O acceso á categoría superior exixirá, en todo caso, ter ao menos dous anos de antigüidade de servizo activo na categoría de entrada, computados a partir da publicación do nomeamento no «Boletín Oficial del Estado».

2. O acceso á categoría superior levarase a cabo mediante algún dos seguintes procedementos:

a) Por concurso de méritos, entre funcionarios pertencentes á categoría de entrada, que se resolverá por aplicación do baremo de méritos xerais, regulado no artigo 32.1, parágrafos a), b), c), d), e) e f) deste real decreto.

b) Mediante a superación de probas de aptitude, cuxa xestión poderá ser encomendada ao Instituto Nacional de Administración Pública.

O número de prazas que se van convocar mediante concurso de méritos ou probas de aptitude concretarase na correspondente convocatoria.

3. Unha vez sexan nomeados funcionarios da categoría superior, poderán ocupar postos da dita categoría, de conformidade coas previsións establecidas neste real decreto.

Coa toma de posesión nun posto da categoría superior, deixarán de pertencer á categoría de entrada.

Así mesmo, aqueles que estivesen desempeñando un posto reservado con carácter definitivo na categoría de entrada poderán permanecer na dita categoría, mentres continúen ocupando o citado posto.

Artigo 21. *Promoción interna a outras subescalas.*

1. Os funcionarios da subescala de secretaría-intervención poderán promover ás subescalas de secretaría e de intervención-tesouraría mediante a superación dos correspondentes procesos selectivos.

Nas convocatorias poderá establecerse a exención das probas encamiñadas a acreditar os coñecementos xa exixidos para o acceso á subescala de secretaría-intervención, e poderán valorarse os cursos e programas de formación superados.

Os funcionarios pertencentes á subescala de Secretaría-Intervención deberán, en todo caso, ter dous anos de servizo activo na subescala e posuír a titulación a que fai referencia o artigo 18 deste real decreto.

2. Nas bases reguladoras das probas selectivas que se convoquen determinarase a valoración, na fase de concurso, dos servizos efectivos que os funcionarios pertencentes a aquela subescala prestasen en postos de traballo correspondentes a esta.

3. Aqueles que accedesen por promoción interna a outra subescala, e opten por permanecer no posto que ocupaban con carácter previo á dita promoción, poderán continuar no mesmo posto ata que concursen a un posto da nova subescala e categoría.

Os efectos correspondentes ao ingreso na nova subescala produciranse tras a toma de posesión nun posto desta.

Artigo 22. *Primeiro destino.*

Na mesma resolución na que se efectúen os nomeamentos como funcionarios da subescala e categoría correspondente, de acordo co disposto no artigo 19.3 deste real decreto, asignarase aos funcionarios nomeados un primeiro destino, de acordo co seguinte procedemento:

a) O Ministerio de Facenda e Función Pública determinará, logo de consulta coas comunidades autónomas, os postos vacantes reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional da subescala e categoría correspondente, que

poidan ser ofertados aos funcionarios de novo ingreso para obter un primeiro destino, de entre os que non resultasen adxudicados no último concurso unitario.

b) O Ministerio de Facenda e Función Pública facilitará aos funcionarios de novo ingreso unha relación dos postos vacantes de primeiro destino.

c) Os funcionarios remitirán ao Ministerio de Facenda e Función Pública unha solicitude de primeiro destino, así como relación, por orde de preferencia, das vacantes facilitadas.

No caso de que soliciten postos para cuxo desempeño se necesite o coñecemento da lingua oficial propia, nos termos previstos na respectiva lexislación autonómica, achegarase, xunto á solicitude e orde de preferencia das vacantes, unha certificación acreditativa do coñecemento da lingua, nos termos establecidos na citada lexislación.

d) O Ministerio de Facenda e Función Pública, tendo en conta o número de orde obtido no proceso selectivo, así como a orde de preferencia dos peticionarios, e sempre que reúnan os requisitos exixidos para o desempeño do posto, asignará aos funcionarios de novo ingreso un posto de primeiro destino, na resolución do seu nomeamento como funcionarios de carreira. Os funcionarios que accedan por promoción interna terán, en todo caso, preferencia sobre os aspirantes que non procedan desta quenda para a elección dos postos vacantes de traballo ofertados.

e) Na adxudicación do primeiro destino, as persoas que participasen na convocatoria pola quenda de discapacidade poderán solicitar a alteración da orde de prelación para a elección das prazas, por motivos de dependencia persoal, dificultades de desprazamento ou outras análogas, que deberán ser debidamente acreditados. O órgano convocante decidirá a dita alteración cando se encontre debidamente xustificada, e deberá limitarse a realizar a mínima modificación na orde de prelación necesaria para posibilitar o acceso ao posto da persoa con discapacidade.

f) Este destino terá carácter definitivo e nel deberase permanecer un mínimo de dous anos para volver a concursar ou solicitar un nomeamento provisional, sen prexuízo dos supostos excepcionais establecidos no artigo 49.3 deste real decreto.

## CAPÍTULO II

### **Rexistro integrado de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional**

#### *Artigo 23. Rexistro integrado.*

No Ministerio de Facenda e Función Pública existirá un Rexistro de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, integrado coas comunidades autónomas, onde se inscribirán e se anotarán todos os postos reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, así como actos que afecten a vida administrativa destes funcionarios. Este rexistro terá carácter electrónico.

A creación do ficheiro de datos de carácter persoal asociado ao dito rexistro farase por orde do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co previsto no artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

O Ministerio de Facenda e Función Pública inscribirá e anotará, no dito rexistro, os nomeamentos como funcionarios de carreira da correspondente subescala e categoría, as sancións disciplinarias da súa competencia e a perda da condición de funcionario, así como os méritos xerais destes funcionarios, para efectos de concursos de traslados en postos reservados, e as situacións administrativas.

As comunidades autónomas efectuarán no dito rexistro as anotacións referentes á clasificación dos postos reservados, a nomeamentos, tanto definitivos como de carácter provisional, en postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, así como as tomas de posesión e os cesamentos correspondentes. Así mesmo, anotarán as sancións disciplinarias da súa competencia.



As comunidades autónomas poderán, así mesmo, efectuar no dito rexistro as anotacións dos méritos autonómicos, para efectos da súa valoración nos correspondentes concursos.

### CAPÍTULO III

#### Provisión dos postos de traballo

##### Artigo 24. *Desempeño do posto de secretaría.*

1. Corresponde aos secretarios de categoría superior o desempeño dos postos de traballo mencionados no artigo 8.1.a) deste real decreto.
2. Corresponde aos secretarios de categoría de entrada o desempeño dos postos de traballo mencionados no artigo 8.1.b) deste real decreto.
3. Corresponde aos secretarios-interventores o desempeño dos postos de traballo mencionados no artigo 8.1.c) deste real decreto.

##### Artigo 25. *Desempeño do posto de intervención.*

1. Corresponde aos interventores-tesoureiros de categoría superior o desempeño dos postos de traballo mencionados no artigo 13.1 deste real decreto.
2. Corresponde aos interventores-tesoureiros de categoría de entrada o desempeño dos postos de traballo mencionados no artigo 13.2 deste real decreto.

##### Artigo 26. *Desempeño do posto de tesouraría.*

1. Corresponde aos interventores-tesoureiros, calquera que sexa a súa categoría, o desempeño dos postos de traballo que teñan asignadas as funcións de tesouraría, cando se trate de corporacións locais cuxa secretaría estea clasificada en clase primeira ou segunda.
2. Corresponde aos secretarios-interventores o desempeño, se é o caso, do posto de traballo de tesouraría das agrupacións constituídas para tal efecto.

##### Artigo 27. *Sistemas de provisión.*

###### 1. Provisión definitiva.

a) Os postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional proveranse por concurso de méritos, que será o sistema normal de provisión.

b) Excepcionalmente, os postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional poderán cubrirse polo sistema de libre designación entre funcionarios da subescala e categoría correspondente, nos seguintes supostos, previstos no artigo 92 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:

1.º Nos municipios incluídos no ámbito subxectivo definido nos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

2.º Nas deputacións provinciais, áreas metropolitanas, cabidos e consellos insulares.

3.º Nas cidades de Ceuta e Melilla.

c) Tamén se considerarán nomeamentos de carácter definitivo os seguintes:

1.º Postos asignados en primeiro destino.

2.º O posto asignado cando se tivese reserva de posto e se procedese da situación de servizos especiais.

3.º A permuta de postos. As comunidades autónomas poderán autorizar as permutas de posto entre dous funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, cando ambos os postos se encontren no seu ámbito territorial, de acordo coa súa normativa específica e, no caso que excedan o dito ámbito, poderá autorizalas a Dirección Xeral da Función Pública.

2. Outras formas de provisión. Con independencia dos sistemas de provisión de carácter definitivo a que se refire o punto anterior, os postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional poderán cubrirse mediante nomeamentos provisionais, acumulacións, comisións de servizo, nomeamentos accidentais ou de interinos, de acordo co previsto no capítulo VI deste título.

#### CAPÍTULO IV

##### Provisión por concurso de méritos

###### Artigo 28. *Postos vacantes.*

Teñen a consideración de vacantes, para efectos de concurso, os postos reservados a este sistema de provisión e non cubertos por el nin por funcionarios nomeados nun primeiro destino.

###### Artigo 29. *Clases de concurso.*

1. A provisión dos postos de traballo vacantes reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional efectuarase mediante concursos ordinarios de méritos, convocados con carácter anual polos presidentes das corporacións locais e publicados simultaneamente polo órgano competente da comunidade autónoma, de acordo coas previsións contidas neste real decreto.

2. Con carácter subsidiario, o Ministerio de Facenda e Función Pública convocará, con igual periodicidade, concurso unitario en cada subescala e/ou categoría para a provisión dos postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

3. A duración dos procedementos de provisión non poderá exceder seis meses a partir da publicación conxunta no «Boletín Oficial del Estado» das respectivas convocatorias.

###### Artigo 30. *Méritos.*

1. Os méritos que rexerán nos concursos serán de tres tipos: xerais, autonómicos e específicos.

2. Os méritos xerais, de preceptiva valoración, serán determinados pola Administración do Estado e a súa puntuación alcanzará un mínimo do 80 % do total da puntuación.

3. Os méritos correspondentes ás especialidades da comunidade autónoma serán fixados por cada unha delas e a súa puntuación poderá alcanzar ata un 15 % do total da puntuación.

4. Os méritos correspondentes ás especialidades da corporación local serán fixados por esta e a súa puntuación alcanzará ata un 5 % do total da puntuación.

5. Os méritos xerais, autonómicos e específicos rexerán nos concursos ordinarios.

6. Os méritos xerais e autonómicos rexerán no concurso unitario no cal non existirán méritos específicos.

7. A valoración dos méritos virá referida, en todo caso, á data de convocatoria do concurso.

### Artigo 31. *Puntuación.*

1. Sobre un total do 30 puntos, a puntuación máxima de méritos xerais nos concursos será de 24 puntos, distribuídos de acordo co baremo que se establece no artigo seguinte.
2. As comunidades autónomas poderán fixar un baremo de méritos relacionados co coñecemento da súa organización territorial e normativa autonómica, ata 4,5 puntos.
3. As corporacións locais poderán incluír méritos específicos ata un total de 1,5 puntos, en relación coas características do posto de traballo e funcións deste.
4. No caso de que non existisen méritos específicos, a puntuación total establecerase sobre 28,5 puntos.
5. No caso de non existir méritos autonómicos, pero si específicos, a puntuación total establecerase sobre 25,5 puntos.
6. No caso de non existir méritos autonómicos nin específicos, a puntuación total será a máxima que se pode alcanzar por méritos xerais, 24 puntos.

### Artigo 32. *Méritos xerais.*

1. O baremo de méritos xerais establecerao o Ministerio de Facenda e Función Pública, coas regras e puntuacións seguintes:

a) Os servizos como funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, ata un máximo de 9 puntos, con distinción entre os prestados en situación de activo ou asimilado na subescala en que se concursa e os servizos noutras subescalas.

b) Valoración, así mesmo, da permanencia continuada no posto reservado desde o que se concursa, ata un máximo de 1,50 puntos.

A permanencia valórase a partir dos tres anos de permanencia no mesmo posto, de acordo coa seguinte escala:

De tres a catro anos: 0,75 puntos. A partir do cuarto ano de permanencia, 0,25 por ano, ata un máximo de 1,50.

c) O grao persoal consolidado, categoría, chanzo ou outros conceptos análogos, ata un máximo de 2,50 puntos, valorado en función do intervalo de nivel da subescala en que se concursa.

O recoñecemento do grao efectuarao a Administración en que o funcionario preste os seus servizos no momento da consolidación, dando comunicación ao Ministerio de Facenda e Función Pública para efectos da súa inscrición no Rexistro integrado a que se refire o artigo 23 deste real decreto.

d) As titulacións académicas que se establezan, ata un máximo de 2,50 puntos.

e) Os cursos de formación e perfeccionamento superados ou impartidos, homologados ou recoñecidos, nas condicións que determine o Ministerio de Facenda e Función Pública, excluídos os integrantes do proceso selectivo, para os superados, ata un máximo de 5 puntos, en función do seu nivel académico e a súa relación con cada subescala e categoría.

f) Servizos previos: ata un máximo de 2,50 puntos, computándose, para estes efectos, os servizos prestados con anterioridade ao ingreso na subescala ou subescalas correspondentes e os períodos de funcionario en prácticas, nos termos da Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos previos na Administración pública e do Real decreto 1461/1982, do 25 de xuño, polo que se ditan normas de aplicación da Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos previos na Administración pública.

Así mesmo, computaranse os posteriormente prestados en postos non reservados de calquera Administración pública, salvo os prestados en situación de activo ou asimilado, que se computarán pola letra a).

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente noutros igualmente alegados.

g) Méritos referidos á conciliación da vida persoal, familiar e laboral, ata un máximo de 1 punto, polas seguintes causas:

1.º O destino previo do cónxuxe que teña a condición de empregado público de carácter fixo de calquera Administración, obtido mediante convocatoria pública, no municipio onde radique o posto solicitado ou en municipio limítrofe co solicitado, e sempre que se acceda desde municipio distinto. Valorarase con 0,3 puntos.

2.º O coidado de fillo, tanto cando o sexa por natureza como por adopción, ou acollemento permanente ou preadoptivo, ata que o fillo cumpra doce anos, sendo o municipio de residencia do menor o mesmo no que radique o posto solicitado ou limítrofe co solicitado, e sempre que se acceda desde municipio distinto. Valorarase con 0,4 puntos.

3.º O coidado dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, que teña a condición de discapacitado e non se poida valer por si mesmo, sendo o municipio de residencia do familiar o mesmo no que radique o posto solicitado ou limítrofe co solicitado, e sempre que se acceda desde municipio distinto. Valorarase con 0,3 puntos.

2. A acreditación dos méritos xerais, a excepción do sinalado no punto 1.g), efectuaraa o Ministerio de Facenda e Función Pública, logo de solicitude tramitada polos interesados, por vía electrónica, e inscribírase no Rexistro integrado a que se refire o artigo 23 deste real decreto.

A documentación acreditativa do mérito xeral establecido no punto 1.g) deste artigo remitirase, xunto á solicitude de participación do concurso, á corporación local onde radique o posto solicitado, se se trata dun concurso ordinario, e ao Ministerio de Facenda e Función Pública, no caso do concurso unitario, valorándose como mérito xeral polo tribunal de valoración correspondente, se iso for procedente e sen que a puntuación polo dito mérito se publique co resto dos méritos xerais, á data de convocatoria dos concursos.

#### Artigo 33. *Méritos de determinación autonómica.*

Os méritos relacionados co coñecemento das especialidades da organización territorial e da normativa das comunidades autónomas, con determinación do procedemento de acreditación, serán incluídos polas corporacións locais na respectiva convocatoria.

#### Artigo 34. *Méritos específicos.*

1. Son méritos específicos os directamente relacionados coas características do posto de traballo e funcións correspondentes, que garantan a idoneidade do candidato para o seu desempeño, así como a superación dos cursos de formación e perfeccionamento que determinen as corporacións locais sobre materias relacionadas coas ditas características e funcións.

Os méritos específicos formarán parte integrante da relación de postos de traballo da entidade local correspondente.

2. Estes méritos deberán ser acreditados polos medios que estableza a convocatoria e poderá exixirse a celebración de entrevista, para efectos de concreción destes, cando se prevexa naquela e o tribunal o considere necesario.

A convocatoria establecerá, se é o caso, as previsións necesarias para o pagamento dos gastos de desprazamento que orixine a realización da entrevista, estimados con base nas normas sobre indemnizacións por razón do servizo.

#### Artigo 35. *Concurso ordinario. Bases da convocatoria.*

As bases de cada concurso, configuradas de acordo co modelo de convocatoria e bases comúns que se incorporan como anexo a este real decreto, serán aprobadas polo alcalde ou presidente da corporación respectiva e conterán indicacións respecto da clase a que pertencen os postos convocados, a subescala e categoría a que están reservados, nivel de complemento de destino, complemento específico, características especiais, determinación, se é o caso, dos méritos específicos e forma de acreditación e valoración

de estes, así como composición do tribunal cualificador e, se é o caso, previsión de entrevista.

As ditas bases incluírán, cando corresponda, o coñecemento da lingua oficial propia, nos termos previstos na respectiva lexislación autonómica, e o baremo de méritos autonómicos aprobados pola respectiva comunidade autónoma.

#### Artigo 36. *Participación.*

1. Os funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional poderán concursar aos postos de traballo que, segundo a súa clasificación, correspondan á subescala e categoría a que pertencen.

2. Non poderán participar nos concursos:

a) Os funcionarios inhabilitados e os suspensos en virtude de sentenza ou resolución administrativa firme, se non transcorrese o tempo sinalado nelas de suspensión.

b) Os funcionarios destituídos, a postos da corporación onde se produciu a sanción, se non transcorrese o prazo establecido nesta.

c) Os funcionarios nas situacións de excedencia voluntaria a que se refire o artigo 89.1.a) e b) do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, se non transcorrese o prazo de dous anos desde a pasaxe a estas.

d) Os funcionarios que non leven dous anos no último destino obtido con carácter definitivo en calquera Administración pública, salvo que o fagan a postos reservados á súa subescala e categoría na mesma corporación.

3. Tamén poderán concursar, aínda que non leven dous anos no último destino obtido con carácter definitivo en calquera Administración pública, os funcionarios que se encontren nos supostos recollidos no punto 2.º da letra c) do punto 1 do artigo 27 deste real decreto.

#### Artigo 37. *Publicación das convocatorias.*

Os presidentes das corporacións locais con postos vacantes aprobarán a convocatoria de concurso ordinario anual, remitíndoa, dentro dos dez primeiros días de febreiro de cada ano, á comunidade autónoma respectiva para a súa publicación conxunta dentro do mesmo mes. A comunidade autónoma, unha vez publicadas as convocatorias, remitiráas ao Ministerio de Facenda e Función Pública, con referencia precisa do número e data do diario oficial en que foron publicadas.

As corporacións locais convocarán necesariamente, nos concursos anuais, os postos de traballo vacantes reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, incluíndo os cubertos por funcionarios interinos ou por funcionarios da corporación con nomeamento accidental.

O Ministerio de Facenda e Función Pública dispoñerá a publicación no «Boletín Oficial del Estado» dun extracto de todas as convocatorias, que servirá de base para o cómputo de prazos, e poderá salvarse no dito trámite calquera erro ou omisión producidos.

#### Artigo 38. *Solicitudes.*

1. O prazo de presentación de solicitudes para tomar parte nos concursos será de quince días hábiles a partir da publicación da convocatoria no «Boletín Oficial del Estado».

2. Xunto á solicitude, dirixida á corporación local respectiva, presentarase a documentación xustificativa dos requisitos exixidos e dos méritos alegados, por calquera dos medios electrónicos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. En igual prazo, os concursantes comunicarán ao Ministerio de Facenda e Función Pública, polos medios electrónicos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do

procedemento administrativo común das administracións públicas, a orde de prelación en que solicitaron os postos, no caso de concursar a máis dun.

Artigo 39. *Valoración de méritos e resolución do concurso.*

1. O tribunal de valoración, de composición técnica, incluído o seu presidente, será nomeado pola corporación e estará composto por un número par de vogais, un dos cales será nomeado por proposta da comunidade autónoma, se esta desexa exercitar tal facultade.

Un dos vogais, ao menos, terá a condición de funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional, de igual ou superior categoría que a do posto convocado.

A composición do tribunal especificará o vogal que asumirá as funcións de secretario.

2. De acordo coas previsións da convocatoria, o tribunal comprobará, se é o caso, o coñecemento da lingua da comunidade autónoma e valorará os méritos determinados por esta e os específicos da corporación local.

3. Coa puntuación que se deduza desta valoración, sumada á dos méritos xerais, incluídos os referidos á conciliación da vida persoal, familiar e laboral, establecidos no punto 1.g) do artigo 32 deste real decreto, o tribunal elevará proposta á corporación comprensiva dos candidatos, con especificación fundada de exclusións.

No suposto de que dous ou máis concursantes obtivesen a mesma puntuación total, o empate resolverase en favor do candidato que obtivese maior puntuación global por méritos específicos. De manterse o empate, este resolverase conforme a maior puntuación obtida por méritos autonómicos. Se continuase o empate, acudirase á puntuación por méritos xerais, á orde de prelación dos méritos xerais segundo a orde de enumeración do artigo 32 deste real decreto e, en última instancia, con base na orde de prelación no proceso selectivo.

4. A corporación resolverá de acordo coa proposta do tribunal de valoración.

5. A resolución do concurso motivarase con referencia ao cumprimento das normas regulamentarias e das bases de convocatoria. En todo caso, deberán quedar acreditadas, como fundamentos da resolución adoptada, a observancia do procedemento debido e a valoración final dos méritos dos candidatos.

Artigo 40. *Coordinación e formalización de nomeamentos.*

1. A resolución do concurso, comprensiva da totalidade dos candidatos non excluídos, segundo a súa orde de puntuación, será remitida pola corporación ao Ministerio de Facenda e Función Pública dentro dos trinta días hábiles seguintes á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

2. Transcorrido o prazo a que se refire o punto anterior, o Ministerio de Facenda e Función Pública efectuará a coordinación das resolucións coincidentes, en atención á orde de preferencia formulada polos interesados, para evitar a pluralidade simultánea de adjudicacións a favor dun mesmo concursante e formalizará, no prazo dun mes, os nomeamentos procedentes, con publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 41. *Prazo posesorio.*

1. O prazo de toma de posesión no novo destino será de tres días hábiles, se se trata de postos de traballo da mesma localidade, ou dun mes, se se trata de primeiro destino ou de postos de traballo en localidade distinta.

O prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes á publicación da resolución do concurso no «Boletín Oficial del Estado». Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse desde a dita publicación.

2. Por necesidades do servizo, mediante acordo dos presidentes das corporacións en que deba cesar e tomar posesión o concursante, poderase diferir o cesamento e a toma

de posesión ata un máximo de tres meses, debendo o segundo deles dar conta deste acordo á comunidade autónoma.

Artigo 42. *Formalizacións de cesamento e toma de posesión.*

1. As formalizacións de cesamento e toma de posesión dos concursantes que accedan a un posto de traballo, de acordo co previsto neste real decreto, deberán ser comunicadas á comunidade autónoma respectiva dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se produzan.

2. A toma de posesión determina a adquisición dos dereitos e deberes funcionariais inherentes ao posto, pasando a depender o funcionario da correspondente corporación.

3. Nos casos de cesamento e toma de posesión a que se refire este artigo, os funcionarios terán dereito á totalidade das retribucións de carácter fixo, tanto básicas como complementarias.

No caso de que o termo do prazo posesorio se produza dentro do mesmo mes en que se efectuou o cesamento, as retribucións de periodicidade mensual do funcionario faraaas efectivas a entidade local que dilixencia o dito cesamento, por mensualidade completa e de acordo coa situación e dereitos do funcionario referidos ao primeiro día hábil do mes en que se produce o cesamento. Se, polo contrario, o dito termo recaese en mes distinto ao do cesamento, as retribucións do primeiro mes faraaas efectivas da forma indicada, e as do segundo aboaraas a entidade correspondente ao posto de traballo ao que se accede, así mesmo, por mensualidade completa e na contía correspondente ao posto en que se tomou posesión.

O pagamento do importe da paga extraordinaria correspondente será asumido por ambas as entidades locais en proporción aos servizos prestados en cada unha durante o período de devindicación.

4. Os funcionarios que non tomen posesión dos postos de traballo obtidos no concurso nos prazos establecidos nos artigos anteriores por causas imputables a eles serán declarados de oficio na situación administrativa de excedencia voluntaria por interese particular, contada desde o último día do prazo de toma de posesión.

Artigo 43. *Concurso unitario. Supostos.*

1. O Ministerio de Facenda e Función Pública efectuará supletoriamente, en función dos méritos xerais e os de valoración autonómica e de acordo coa lexislación das comunidades autónomas respecto do coñecemento da lingua propia, a convocatoria anual dos postos de traballo vacantes reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional que se deban prover mediante concurso e que se encontren nalgunha das seguintes situacións:

a) Aqueles postos que, encontrándose vacantes, non fosen convocados polas corporacións locais no concurso ordinario.

b) Aqueles postos que, tendo sido convocados no concurso ordinario, quedasen desertos.

c) Aqueles postos que, tendo sido convocados no concurso ordinario, non os adxudicase a corporación local por outras causas.

d) Aqueles postos que resultasen vacantes con posterioridade á convocatoria do concurso ordinario, cando se solicite expresamente a súa inclusión. A solicitude de inclusión de postos no concurso unitario efectuaraa o presidente da corporación, quen a enviará ao Ministerio de Facenda e Función Pública.

2. As corporacións locais que teñan postos incluídos no concurso unitario poderán, se este non se resolveu con anterioridade ao día 10 de febreiro de cada ano, remitir ás comunidades autónomas as bases e convocatorias dos ditos postos no concurso ordinario seguinte, condicionando a súa inclusión na convocatoria conxunta deste último a que queden desertos no concurso unitario.

Os postos que, tendo quedado desertos no concurso unitario, non os convocasen as corporacións locais no concurso ordinario, de conformidade co establecido no parágrafo anterior, incluíraos o Ministerio de Facenda e Función Pública no concurso unitario seguinte.

**Artigo 44. Trámites especiais do procedemento.**

1. Os concursos unitarios rexeranse polas bases que aprobe o Ministerio de Facenda e Función Pública, en función dos méritos xerais a que se refire o artigo 32 deste real decreto, de acordo coas comunidades autónomas, se é o caso, respecto do coñecemento da lingua oficial propia, nos termos previstos na respectiva lexislación autonómica e dos méritos determinados por estas. A acreditación documental do coñecemento da lingua propia e dos méritos de determinación autonómica efectuarase conforme o que establezan as comunidades autónomas.

2. No concurso unitario rexen os méritos xerais e autonómicos.

3. En canto á participación, haberá que atermos ao disposto no artigo 36 deste real decreto, ben que estarán obrigados a participar no concurso unitario os funcionarios con nomeamento provisional.

4. As solicitudes, con especificación da orde de prelación das prazas, dirixiranse ao Ministerio de Facenda e Función Pública, acompañadas dunha relación da documentación acreditativa, se é o caso, dos méritos determinados polas comunidades autónomas e do coñecemento da lingua, dentro dos quince días hábiles seguintes á publicación da convocatoria no «Boletín Oficial del Estado».

5. A documentación acreditativa dos méritos autonómicos alegados remitirase ás comunidades autónomas ás que pertencen as entidades locais cuxos postos se solicitan.

6. O tribunal, nomeado polo Ministerio de Facenda e Función Pública, no que figurará un vogal deste, un vogal nomeado por iniciativa de cada comunidade autónoma e un vogal por iniciativa dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, elevará proposta ao Ministerio de Facenda e Función Pública, comprensiva de todos os candidatos e da súa puntuación, con especificación fundada das exclusións.

7. Os supostos de empate resolveranse conforme a maior puntuación obtida por méritos autonómicos. Se continuase o empate, acudirase á puntuación por méritos xerais, á orde de prelación dos méritos xerais segundo a orde de enumeración do artigo 32 deste real decreto e, en última instancia, con base na orde de prelación no proceso selectivo.

8. O Ministerio de Facenda e Función Pública procederá á resolución do concurso, de acordo coa proposta do tribunal, e á súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

9. No relativo aos prazos posesorios e ás dilixencias de cesamento e toma de posesión, deberá observarse o disposto nos artigos 41 e 42, respectivamente, deste real decreto.

## CAPÍTULO V

### Provisión por libre designación

**Artigo 45. Provisión por libre designación.**

1. Excepcionalmente, os postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional poderán cubrirse polo sistema de libre designación nas entidades locais incluídas no punto 6 do artigo 92 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, entre funcionarios da subescala e categoría correspondente.

Cando se trate de postos de traballo que teñan asignadas as funcións contidas nos artigos 4 e 5 deste real decreto, será precisa a autorización expresa do órgano competente da Administración xeral do Estado en materia de facendas locais para cambiar o sistema de provisión do posto, de concurso a libre designación. Esta autorización solicitará a corporación local propoñente con anterioridade á adopción da resolución correspondente.



No expediente acreditárase a concorrencia das circunstancias excepcionais que xustifican a adopción deste sistema de provisión, en relación co contido do posto de traballo correspondente, o carácter directivo deste, de acordo coa lexislación estatal do réxime local e a súa especial responsabilidade.

2. A opción polo sistema de libre designación require a modificación previa en tal sentido da correspondente relación de postos de traballo, e comunicación ao órgano competente da comunidade autónoma para efectos de clasificación do sistema de provisión, sen prexuízo da autorización a que se refire o parágrafo anterior.

#### Artigo 46. *Trámites especiais do procedemento.*

1. As bases da convocatoria para cubrir os postos de libre designación serán aprobadas polo presidente da corporación e deberán conter os seguintes datos:

- a) Corporación.
- b) Denominación e clase do posto.
- c) Nivel de complemento de destino.
- d) Complemento específico.
- e) Requisitos para o seu desempeño conforme a relación de postos de traballo.
- f) Referencia ao coñecemento da lingua propia da comunidade autónoma correspondente, conforme a súa normativa específica.

2. A convocatoria, que se realizará no prazo máximo de tres meses, desde que o posto de traballo se clasificase a libre designación ou resultase vacante, corresponde ao presidente da corporación, quen a remitirá ao órgano competente da comunidade autónoma para a súa publicación no diario oficial correspondente e remisión ao Ministerio de Facenda e Función Pública, no prazo máximo de dez días, con referencia precisa do número e data do diario en que foi publicada.

O Ministerio de Facenda e Función Pública dispoñerá a publicación do extracto das ditas convocatorias no «Boletín Oficial del Estado».

No caso de que o presidente da corporación non realice a convocatoria no prazo máximo establecido, a comunidade autónoma requirirá para que efectúe esta, nos termos regulados neste artigo, advertíndolle de que, de non facelo no prazo indicado, se iniciará un procedemento de modificación das características do posto e a súa forma de provisión.

3. As solicitudes dirixiranse, dentro dos quince días hábiles seguintes á dita publicación, ao órgano convocante.

Concluído o prazo, o presidente da corporación procederá, logo de constatación dos requisitos exixidos na convocatoria, e á vista da traxectoria profesional e dos méritos acreditados polos aspirantes, a ditar a resolución correspondente, no prazo dun mes, e dará conta ao pleno da corporación.

Da dita resolución darase traslado ao órgano competente da comunidade autónoma e ao Ministerio de Facenda e Función Pública, para a publicación no «Boletín Oficial del Estado».

O posto deberá ser adjudicado entre os candidatos que reúnan os requisitos exixidos na convocatoria. En todo caso, deberá quedar acreditada, como fundamento da resolución adoptada, a observancia do procedemento debido.

4. O prazo posesorio será o mesmo que se establecese no artigo 41 deste real decreto.

#### Artigo 47. *Cesamento en postos de libre designación.*

1. O funcionario nomeado para un posto de libre designación poderá ser cesado, con carácter discrecional, polo mesmo órgano que o nomeou, garantíndolle, neste caso, o seu nomeamento nun posto de traballo do seu mesmo grupo de titulación, adecuado ás funcións ou tarefas propias da subescala de pertenza, non inferior, en máis de dous niveis, á do posto para o que foi designado e cuxo complemento específico sexa o normalizado

entre os postos reservados aos funcionarios da escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

2. No dito posto poderase permanecer ata obter outro polos procedementos establecidos neste real decreto.

3. Será necesario informe preceptivo previo do órgano competente da Administración xeral do Estado en materia de facendas locais para o cesamento daqueles funcionarios que teñan asignadas as funcións contidas nos artigos 4 e 5 deste real decreto, e que fosen nomeados por libre designación.

4. O acordo do cesamento deberá incluír a correspondente motivación deste referido ao seu desempeño profesional.

## CAPÍTULO VI

### Outras formas de provisión

Artigo 48. *Outras formas de cobertura de postos reservados.*

1. Con independencia da provisión de postos de traballo por concurso e libre designación e da asignación de postos mediante nomeamentos de primeiro destino, as comunidades autónomas poderán efectuar a cobertura dos postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional, mediante os seguintes tipos de nomeamento:

- a) Nomeamentos provisionais.
- b) Comisións de servizos.
- c) Acumulacións.
- d) Nomeamentos accidentais.
- e) Nomeamentos interinos.
- f) Comisións circunstanciais.

2. A cobertura dun posto mediante nomeamento provisional, comisión de servizos e acumulación implicará o cesamento automático, se é o caso, do funcionario interino ou accidental, que o estivese desempeñando.

Artigo 49. *Nomeamentos provisionais.*

1. As comunidades autónomas poderán efectuar nomeamentos provisionais a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional para os postos vacantes a eles reservados, logo de solicitude da corporación local correspondente e conformidade do funcionario interesado, ou ben logo de solicitude do funcionario interesado e a conformidade da corporación local.

Para efectuar o dito nomeamento, será necesario o informe favorable da corporación local onde está destinado o funcionario.

Nos supostos de reingreso ao servizo activo ou nos de supresión de postos de colaboración ou de cesamento en postos de libre designación, a comunidade autónoma garantirá un nomeamento provisional, preferentemente nun posto da mesma subescala e categoría a que pertenza o funcionario, e logo de informe da corporación local correspondente. Nestes casos terá preferencia a provisión do posto por nomeamento provisional sobre o resto de nomeamentos de carácter non definitivo.

Inclúense, para efectos destes nomeamentos, os postos ocupados con nomeamentos accidentais e interinos, e aquel outros que non estean desempeñados efectivamente polos seus titulares por encontrarse nalgunha das circunstancias seguintes:

- a) Comisión de servizos.
- b) Suspensión provisional.
- c) Excedencia por coidado de fillos durante os dous primeiros anos.
- d) Incapacidade temporal.
- e) Outros supostos de ausencia.

2. Soamente poderán ser nomeados con carácter provisional para un determinado posto os funcionarios que estean en posesión da habilitación e pertencen á subescala e categoría que, de acordo coas regras deste real decreto, correspondan a este.

Non obstante, cando non for posible a cobertura do dito posto por funcionario da subescala e categoría correspondente a este, circunstancia que deberá quedar acreditada no expediente, poderá efectuarse o nomeamento provisional a funcionario de diferente categoría dentro da subescala e, no caso de que tampouco for posible, a funcionario de diferente subescala.

3. O Ministerio de Facenda e Función Pública poderá efectuar nomeamentos provisionais excepcionais a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional que non leven dous anos no último posto obtido con carácter definitivo, cando concorran o conxunto de circunstancias seguintes:

a) Cando o posto que se solicite cubrir con nomeamento provisional se encontre vacante e se considere urxente a súa cobertura.

b) Cando non se poida efectuar o nomeamento provisional a un funcionario que leve máis de dous anos con nomeamento definitivo no último posto obtido por concurso, sempre que sexa da mesma subescala e categoría que a do posto correspondente.

c) Que exista conformidade expresa da entidade local onde o funcionario presta servizos con carácter definitivo.

d) Que exista informe favorable da entidade local onde radique o posto solicitado.

e) Que quede debidamente garantido o exercicio das funcións reservadas na entidade local onde o funcionario presta os seus servizos por algunha das formas establecidas neste real decreto, para cuxo efecto se solicitará informe favorable da comunidade autónoma onde radique a entidade local e, se é o caso, da deputación provincial correspondente.

Non obstante o anterior, as comunidades autónomas poderán efectuar nomeamentos provisionais a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional que non leven dous anos no último posto obtido con carácter definitivo cando o dito nomeamento se realice no ámbito dunha mesma entidade local.

#### Artigo 50. *Acumulacións.*

1. O órgano competente da comunidade autónoma respectiva, no ámbito do seu territorio, poderá autorizar os funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional que se encontren ocupando un posto de traballo a eles reservado, a desempeñar así mesmo noutra entidade local as funcións reservadas á mesma ou outra subescala ou categoría, nos supostos recollidos no punto 1 do artigo anterior e polo tempo da súa duración, cando, logo de solicitude do alcalde ou presidente, non for posible efectuar nomeamento provisional ou comisión de servizos, imposibilidade que debeu quedar o suficientemente acreditada no expediente.

Corresponde ao Ministerio de Facenda e Función Pública autorizar as acumulacións cando excedan o ámbito territorial dunha comunidade autónoma.

A acumulación efectuarase por petición da corporación local, de acordo co funcionario interesado e logo de informe favorable da entidade local na que se atope destinado.

2. Así mesmo, poderán acordarse acumulacións para o desempeño das funcións de secretaría-intervención, tesouraría e recadación nos municipios ou entidades eximidas da obriga de manter o posto de secretaría.

3. O desempeño das funcións acumuladas dará dereito á percepción dunha gratificación a cargo da entidade local onde exerce as funcións acumuladas de ata o 30 por 100 das retribucións fixas, excluídos os trienios, correspondentes ao posto principal. As funcións acumuladas deben exercerse fóra da xornada ordinaria do posto de traballo.

Só se poderá desempeñar un nomeamento en acumulación.

## Artigo 51. *Comisións de servizos.*

1. Os órganos competentes das comunidades autónomas poderán conceder comisións de servizos a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, xa sexa da mesma ou distinta subescala, destinados no seu propio territorio, para prestar servizos dentro deste, a postos a eles reservados nas entidades locais, durante o prazo máximo dun ano, prorrogable por outro igual, cando non for posible efectuar un nomeamento provisional, imposibilidade que debeu quedar o suficientemente acreditada no expediente.

2. Así mesmo, os órganos competentes das comunidades autónomas poderán outorgar comisións de servizo a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional a postos non reservados da propia comunidade autónoma ou doutras entidades locais do seu ámbito territorial, durante o prazo máximo dun ano prorrogable por outro igual.

3. O Ministerio de Facenda e Función Pública poderá conceder comisións de servizo nos supostos seguintes:

a) Para ocupar postos reservados situados en comunidade autónoma distinta da do posto de procedencia, xa sexa da mesma ou distinta subescala ou categoría, durante o prazo máximo dun ano, prorrogable por outro igual.

b) Para cooperar ou prestar asistencia técnica, durante o prazo máximo dun ano, prorrogable por outro igual, á Administración xeral do Estado, á dunha comunidade autónoma distinta da de procedencia ou a unha entidade local de diferente comunidade autónoma.

c) Para participar, por tempo non superior a seis meses, en misións de cooperación ao servizo de organismos internacionais de carácter supranacional, entidades ou gobernos estranxeiros.

4. En todos os supostos anteriores, a comisión de servizos efectuarase por petición da Administración interesada e logo de informe favorable da entidade local onde o funcionario preste os seus servizos.

5. O tempo transcorrido nesta situación será tido en conta para efectos de consolidación do grao persoal correspondente ao nivel do posto desde o que se produce a comisión, salvo que se obtivese destino definitivo no posto de traballo desempeñado en comisión de servizos ou noutro do mesmo ou inferior nivel, en cuxo caso, por instancia do funcionario, poderá ser tido en conta para efectos de consolidación do grao correspondente a este último.

O nomeamento en comisión de servizos implicará a perda da valoración da permanencia no posto definitivo desde o que se efectúa a comisión, para efectos de concursos.

## Artigo 52. *Nomeamentos accidentais.*

1. Cando non for posible a provisión do posto polos procedementos previstos nos artigos anteriores deste real decreto, as corporacións locais poderán solicitar ás comunidades autónomas o nomeamento, con carácter accidental, dun dos seus funcionarios coa preparación técnica adecuada e, sempre que sexa posible, que pertenza ao subgrupo A1 ou conte cunha titulación universitaria. Nas corporacións locais de máis de 5.000 habitantes, en todo caso, será un funcionario de carreira pertencente ao subgrupo A1.

2. Para que se poida efectuar un nomeamento accidental, o posto deberá estar vacante ou non encontrarse desempeñado efectivamente polo seu titular, por encontrarse nalgunha das circunstancias seguintes:

- a) Comisión de servizos.
- b) Suspensión por un período superior a un mes.
- c) Excedencia por coidado de familiares.

- d) Excedencia por violencia de xénero.
- e) Incapacidade temporal por período superior a un mes.
- f) Outros supostos de ausencia, sempre que sexa superior a un mes.

3. A comunidade autónoma efectuará o nomeamento accidental solicitado, sempre que non exista posibilidade de nomear un funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional para o dito posto.

4. Para os supostos de incapacidade temporal por períodos de tempo inferiores a un mes, ou ausencia do titular do posto por vacacións, asuntos propios ou outras causas, por períodos inferiores a un mes, poderase nomear accidentalmente, por proposta do presidente da corporación, un funcionario propio da entidade local, de acordo coa normativa autonómica.

5. En ningún caso poderá ser habilitado accidentalmente un funcionario interino para desempeñar un posto reservado a funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional.

#### Artigo 53. *Nomeamentos interinos.*

1. Cando non for posible a provisión dos postos reservados por funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional e, sen prexuízo da previsión establecida no artigo 10.4 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do emprego público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, as corporacións locais poderán propoñer á comunidade autónoma, con respecto aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, o nomeamento dun funcionario interino, que deberá estar en posesión da titulación exixida para o acceso ao subgrupo A1.

2. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, as comunidades autónomas poderán constituír, no seu ámbito territorial, relación de candidatos propia para a provisión, con carácter interino, de postos reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Para a constitución da dita relación de candidatos, a comunidade autónoma poderá convocar a celebración das correspondentes probas de aptitude, con respecto, en todo caso, aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. Así mesmo, darase preferencia, para a constitución da mencionada lista, a aqueles aspirantes que aprobasen algún exercicio nas probas de acceso á subescala correspondente. Estas convocatorias publicaranse nos diarios oficiais correspondentes.

O nomeamento de funcionario interino previamente seleccionado pola comunidade autónoma soamente se efectuará cando a corporación local non propoña funcionario previamente seleccionado por ela.

3. A resolución do nomeamento será efectuada polo órgano competente da comunidade autónoma respectiva e deberá quedar acreditado no expediente a imposibilidade de prover o posto por funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional.

#### Artigo 54. *Efectos da provisión o reincorporación.*

A provisión do posto de forma definitiva, a reincorporación do titular nos supostos recollidos neste capítulo ou o nomeamento provisional, en comisión de servizos ou acumulación, no caso de que o posto se estivese desempeñando por funcionario accidental ou interino, determinará, automaticamente, o cesamento de quen viñese desempeñándoo.

#### Artigo 55. *Comisións circunstanciais.*

Nos casos de ausencia, enfermidade ou abstención legal ou regulamentaria de funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional en municipios de menos de 1.000 habitantes, por petición da corporación interesada, a Administración ou corporación local que atenda os servizos de asistencia poderá comisionar un funcionario

de Administración local con habilitación de carácter nacional para a realización de cometidos especiais de carácter circunstancial, polo tempo imprescindible.

Artigo 56. *Revogacións e comunicacións.*

1. Os órganos competentes para efectuar os nomeamentos a que se refire o presente capítulo sono así mesmo para a súa revogación.
2. O órgano que efectúe os ditos nomeamentos ou revogacións efectuará a anotación correspondente no Rexistro integrado a que fai referencia o artigo 23 do presente real decreto.

### TÍTULO III

#### **Das situacións administrativas dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional**

Artigo 57. *Situacións administrativas.*

1. Aos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional seralles de aplicación a normativa que rexa nesta materia aos funcionarios da Administración xeral do Estado coas particularidades recollidas nos artigos seguintes.
2. A declaración de situacións administrativas de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional corresponderá ao Ministerio de Facenda e Función Pública, salvo a de suspensión de funcións e destitución, que se rexerá polas normas de atribución de competencias propias do réxime disciplinario.

Artigo 58. *Particularidades das situacións administrativas.*

1. Consideraranse en situación de servizo activo os funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional que ocupen postos de traballo a eles reservados en entidades locais, nas comunidades autónomas uniprovinciais e nas cidades de Ceuta e Melilla.
2. Así mesmo, encontraranse en situación de servizo activo os funcionarios aos que se adscribise un posto do seu grupo de titulación na mesma corporación, como consecuencia de ter sido cesados por libre designación nun posto reservado, ou por terse suprimido un posto de colaboración do que era titular.
3. Cando os funcionarios desempeñen postos de traballo noutras administracións públicas non reservados á escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, estarán en situación de servizo noutras administracións públicas e rexeranse pola lexislación da Administración onde estean destinados.
4. Aos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional que se encontren en situación de servizos especiais reservaráselles, cando o posto de traballo desempeñado con anterioridade fose obtido mediante o sistema de concurso, un posto de traballo na mesma entidade local, do seu grupo de titulación e as mesmas garantías retributivas.
5. Procederá declarar en situación de excedencia voluntaria por prestación de servizo noutro corpo ou escala os funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional nunha determinada subescala da escala de habilitación de carácter nacional, cando se encontren en situación de servizo activo noutra subescala desta.
6. As comisións de servizo e os nomeamentos provisionais quedarán sen efecto no momento en que se declare a situación de servizos especiais.

Artigo 59. *Reingreso ao servizo activo.*

1. O reingreso ao servizo activo dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, sen reserva de posto, efectuarase a través da solicitude

dun nomeamento provisional, ou da participación nun concurso de traslados ou nun procedemento de libre designación.

2. Non obstante, no suposto de que o funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional se encontrase en situación de servizos noutra Administración pública por estar desempeñando un posto non reservado á súa escala de pertenza e ao que accedese polo procedemento de libre designación, en caso de cesamento no dito posto, transcorrido o prazo establecido no artigo 84.3 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, deberá solicitar o seu reingreso ao servizo activo mediante a solicitude dun nomeamento provisional a un posto reservado á escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, preferentemente na comunidade autónoma en que for cesado. En todo caso, deberá concursar no primeiro concurso unitario que se convoque.

#### TÍTULO IV

##### Réxime disciplinario

Artigo 60. *Réxime aplicable.*

O réxime disciplinario aplicable aos funcionarios de carreira de Administración local con habilitación de carácter nacional, será o establecido no texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, coas peculiaridades que se establecesen nos artigos seguintes.

Artigo 61. *Órganos competentes para a incoación.*

1. Son órganos competentes para a incoación de expedientes disciplinarios aos funcionarios de carreira de Administración local con habilitación de carácter nacional os seguintes:

- a) O órgano correspondente da corporación onde o funcionario cometese os feitos que se lle imputan, cando puidesen ser constitutivos de falta leve.
- b) A comunidade autónoma respecto de funcionarios de corporacións locais no seu ámbito territorial, salvo cando os feitos denunciados puidesen ser constitutivos de faltas moi graves tipificadas na normativa básica estatal.
- c) O Ministerio de Facenda e Función Pública, cando os feitos denunciados puidesen ser constitutivos de faltas moi graves tipificadas na normativa básica estatal.

2. Para estes efectos, considéranse faltas moi graves as tipificadas no artigo 95.2 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.

A competencia do Ministerio de Facenda e Función Pública, en relación co establecido no punto 1.c) deste artigo non se estenderá ás faltas moi graves que queden tipificadas como tales nas leis das asembleas lexislativas das correspondentes comunidades autónomas e non estean tipificadas na normativa básica estatal.

Artigo 62. *Órganos competentes para a imposición de sancións.*

1. Son órganos competentes para a imposición de sancións disciplinarias os funcionarios de carreira de Administración local con habilitación de carácter nacional os seguintes:

- a) O ministro de Facenda e Función Pública, cando a sanción que recaia sexa por falta moi grave, tipificada na normativa básica estatal, de acordo co sinalado no artigo 61.2. En todo caso, é competencia do ministro de Facenda e Función Pública a imposición

da sanción de separación do servizo aos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

b) A comunidade autónoma, cando se trate de impoñer sancións de suspensión de funcións e destitución, non comprendidas no parágrafo anterior.

c) O órgano correspondente da corporación, cando se trate de impoñer sancións por faltas leves.

#### Artigo 63. *Faltas disciplinarias.*

1. As faltas disciplinarias poden ser moi graves, graves e leves.

2. Son faltas moi graves as tipificadas como tales no texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, ou en calquera outra lei das Cortes Xerais ou da Asemblea Lexislativa da correspondente comunidade autónoma.

3. As faltas graves e leves serán as mesmas que as establecidas para o persoal funcionario da Administración da comunidade autónoma e supletoriamente as establecidas para o persoal funcionario da Administración xeral do Estado.

#### Artigo 64. *Sancións.*

1. Por razón das faltas cometidas poderán impoñerse as seguintes sancións:

a) Separación do servizo dos funcionarios, que soamente poderá sancionar a comisión de faltas moi graves.

b) Destitución, que implicará a perda do posto de traballo, coa prohibición de obter destino na mesma corporación en que se cometeron as faltas que deron lugar á sanción, no prazo que se fixe, co máximo de seis anos, para as faltas moi graves; e de tres anos, para as faltas graves.

c) Suspensión firme de funcións, cunha duración máxima de seis anos. A suspensión firme de funcións implica a perda do posto de traballo cando é superior a seis meses.

d) Apercibimento.

2. As faltas leves soamente se poderán corrixir coa sanción que se sinala na letra d).

3. As faltas graves corrixiranse coa sanción da letra b) ou c), cunha duración máxima de 3 anos.

4. As faltas moi graves corrixiranse coas sancións dos puntos a), b) ou c), cunha duración da destitución e suspensión de entre tres e seis anos.

A sanción imposta executarase nos seus propios termos, aínda cando no momento da execución, o funcionario se encontrase ocupando un posto distinto a aquel no que se produciron os feitos que deron lugar á sanción.

5. As sancións disciplinarias que se impoñan aos funcionarios anotaranse nas súas follas de servizos e, en todo caso, no Rexistro integrado de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

#### Artigo 65. *Destitución.*

A destitución implicará a perda do posto de traballo, coa prohibición de obter destino na mesma corporación na que tivo lugar a sanción, no prazo que se fixase ao impoñer a sanción.

O funcionario destituído, mentres dure a sanción, non poderá obter posto de traballo na mesma corporación onde foi sancionado, mediante ningunha clase de nomeamento.

O funcionario destituído poderá obter nomeamento provisional en postos reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional noutra corporación distinta a aquela onde foi sancionado, mentres dure o prazo fixado na sanción de destitución.



Igualmente, poderá participar unha vez destituído e durante o prazo fixado na sanción, en concursos de traslados de postos reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional da súa subescala e categoría, sempre que o faga a postos de diferente corporación a aquela na que foi sancionado.

Artigo 66. *Prescripción das faltas e sancións.*

Os prazos de prescripción das faltas e das sancións serán os establecidos no texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

Artigo 67. *Trámites especiais para o exercicio da potestade disciplinaria.*

1. A potestade disciplinaria exercerase de acordo cos principios establecidos no texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

2. A tramitación do expediente, cando a incoase o órgano correspondente da corporación ou a comunidade autónoma, axustarase ao que estableza a lexislación da comunidade autónoma respectiva e supletoriamente, á normativa aplicable sobre procedemento disciplinario aos funcionarios da Administración do Estado.

3. Cando a incoación do expediente a efectuase o Ministerio de Facenda e Función Pública, a tramitación deste levarase a cabo de acordo coa normativa aplicable en materia de exercicio da potestade disciplinaria en relación aos funcionarios da Administración do Estado.

O nomeamento de instrutor efectuarase, de oficio ou por proposta da Delegación do Goberno ou Subdelegación do Goberno correspondente. A Delegación do Goberno ou, se é o caso, a Subdelegación do Goberno deberá remitir no prazo de dez días hábiles as propostas de instrutores, e poderán solicitar a colaboración, para iso das comunidades autónomas, deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares, que poderán, así mesmo, propoñer como instrutor do expediente disciplinario un dos seus funcionarios que cumpra cos requisitos previstos na letra b) do punto 4.

4. En todo caso, a tramitación dos expedientes disciplinarios a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional terá as seguintes peculiaridades:

a) O nomeamento de instrutor pode ser posterior á incoación do expediente disciplinario e á adopción da medida cautelar de suspensión provisional, se é o caso.

b) A instrución do expediente será efectuada por un funcionario de carreira de calquera dos corpos ou escalas do subgrupo A1 de titulación, incluída a escala de funcionarios con habilitación de carácter nacional, que conte con coñecementos na materia a que se refira a infracción.

En calquera caso, o instrutor do expediente disciplinario poderá conseguir asesoramento e solicitar informes aos órganos que, en razón das súas competencias, teñan coñecemento na materia a que se refire a infracción.

Para efectuar o nomeamento de instrutor do expediente disciplinario, terase en conta o criterio da proximidade xeográfica, co obxecto de garantir a celeridade na tramitación deste, evitando demoras innecesarias; facilitar a fase de instrución e diminuír os custos de desprazamento.

c) A corporación local que teña coñecemento de que un funcionario da escala de funcionarios con habilitación de carácter nacional con destino nesta, puidese ter cometido unha infracción disciplinaria que non sexa constitutiva de falta leve procederá a emitir unha proposta razoada sobre os presuntos feitos cometidos e a autoría destes, e remitiraa ao órgano correspondente da comunidade autónoma a que pertenza. A esta proposta unirase a documentación que se considere pertinente.

A comunidade autónoma examinará a proposta recibida e, de considerar nunha primeira valoración xurídica que os feitos poden resultar constitutivos de falta grave, continuará a tramitación do procedemento e, se é o caso, incoará o correspondente

expediente disciplinario, facilitando a quen sexa designado instrutor a documentación recibida para que, como primeira actuación, a incorpore ao expediente.

Se a comunidade autónoma considera que os feitos postos no seu coñecemento resultan constitutivos dunha falta moi grave, emitirá unha proposta razoada sobre a valoración xurídica de tales feitos e remitirá esta, xunto coa documentación recibida, ao Ministerio de Facenda e Función Pública, quen continuará a tramitación do procedemento e, se é o caso, incoará o correspondente expediente disciplinario, facilitando a quen sexa designado instrutor a documentación recibida tanto da corporación local como da comunidade autónoma, para que, como primeira actuación, a incorpore ao expediente.

Non obstante o anterior, se á vista dos feitos se considerase que estes puidesen resultar constitutivos de delito ou falta, a corporación local poñerá as actuacións en coñecemento da Fiscalía ou denunciaraos ante a autoridade xudicial, comparecendo no procedemento; acordará de forma simultánea a incoación de expediente disciplinario, e suspenderá no mesmo acto a tramitación do dito expediente mentres en vía xudicial non se arquiven as actuacións ou se dite sentenza firme. Neste caso non será necesaria a designación de instrutor.

No suposto de que a comunidade autónoma ou a Administración xeral do Estado, con ocasión de examinar a proposta motivada recibida, se considerase que os feitos obxecto desta puidesen ser constitutivos de delito, procederán a comunicalo á corporación local para a continuación das actuacións de acordo co indicado no parágrafo anterior.

d) O órgano competente para acordar a incoación do procedemento disciplinario, serao tamén para nomear instrutor, e adoptar, mediante resolución motivada, medidas de carácter provisional que aseguren a eficacia da resolución final que puidese recaer.

Antes de efectuar nomeamento de instrutor, o órgano competente para a incoación do expediente disciplinario, de acordo co disposto neste real decreto, solicitará a autorización da Administración onde o funcionario correspondente preste os seus servizos.

A denegación da autorización para o nomeamento de instrutor deberá estar acompañada dunha proposta alternativa. Tanto a denegación de autorización como, se é o caso, a imposibilidade de facilitar unha proposta alternativa deberán motivarse e xustificarse en causas de carácter excepcional, dada a materia de que se trata, e tendo en conta os principios de colaboración, cooperación e auxilio, que rexen as relacións entre administracións públicas.

No suposto de expedientes cuxa incoación corresponde ao Ministerio de Facenda e Función Pública, o prazo para contestar a solicitude de autorización de nomeamento de instrutor será de dez días hábiles, e entenderase concedida a dita autorización transcorrido o dito prazo sen pronunciamento por parte da Administración onde o funcionario correspondente preste os seus servizos.

e) No caso de que os feitos constitutivos da infracción puidesen ser considerados, ao mesmo tempo, como faltas graves e moi graves reguladas na lexislación básica, estatal ou autonómica, o órgano competente para a incoación do expediente disciplinario, e nomeamento do instrutor deste, así como para a adopción de medidas provisionais, será o que teña a competencia pola consideración da falta como menos grave, tendo en conta o principio constitucional de presunción de inocencia e o principio «in dubio pro reo», e co fin de preservar no procedemento as máximas garantías procesuais.

f) De non existir acordo entre as administracións en canto á cualificación da falta, por uns mesmos feitos, e en consecuencia, respecto da competencia para a incoación do expediente disciplinario, entenderase competente aquela que o sexa pola consideración da falta como menos grave.

g) Cando se aprecie que determinados feitos distintos, e que poidan resultar constitutivos de faltas graves e moi graves, se encontran conexas de modo que non resulte posible que sexan obxecto de expediente disciplinario de forma separada, incoarase un único expediente disciplinario, sen prexuízo de que cada unha das sancións que propoña o instrutor a acorde a Administración que sexa competente en cada caso en función do tipo de falta que se considere cometida. Non obstante, será competente, para a incoación do expediente disciplinario, a Administración que o sexa pola falta grave.

h) Cando a proposta de resolución do instrutor modifícase a cualificación da falta ou faltas, e esta modificación afectase a competencia en materia disciplinaria doutra Administración, o órgano que acordase a incoación, remitirá o actuado á dita Administración, para que resolva o procedente, e poderá manter esta a validez do actuado.

i) No suposto de que o expediente o incoase a comunidade autónoma, e a proposta definitiva do instrutor recollese unha sanción de separación do servizo, remitírase o actuado ao Ministerio de Facenda e Función Pública, para que este decida sobre a imposición ou non da mencionada sanción.

j) A competencia para ditar resolución que declare o arquivamento ou o sobresemento dun expediente disciplinario corresponderá á Administración que sexa competente para sancionar os feitos que fosen imputados ao interesado.

**Artigo 68. *Cancelación de anotación de sancións no Rexistro integrado.***

Transcorrido o prazo para a prescrición da sanción, o órgano competente para impoñer esta acordará de oficio a cancelación da correspondente anotación no expediente persoal e notificarao aos interesados.

**Disposición adicional primeira. *Modificacións na clasificación ou forma de provisión de postos de traballo.***

1. As modificacións na clasificación ou forma de provisión de postos de traballo efectuadas ao abeiro deste real decreto non afectarán os destinos daqueles que os viñesen desempeñando con carácter definitivo.

2. O funcionario que, como consecuencia do previsto no parágrafo anterior, cesase no seu posto de traballo continuará percibindo, mentres se lle atribúe outro posto e durante un prazo máximo de tres meses as retribucións básicas e complementarias correspondentes ao suprimido.

**Disposición adicional segunda. *Agrupacións de postos.***

1. Se no momento da aprobación dos expedientes de agrupacións a que se refiren os artigos 9, 12 e 14.4 deste real decreto estivesen cubertos con carácter definitivo dous ou máis postos reservados nas entidades agrupadas, a provisión do posto ou postos resultantes efectuarase de acordo co estipulado nos estatutos da agrupación a favor dalgún deles, con respecto, en calquera caso, dos principios de mérito e capacidade.

O funcionario que, como consecuencia do previsto no parágrafo anterior, cesase no seu posto de traballo continuará percibindo, mentres se lle atribúe outro posto e durante un prazo máximo de tres meses as retribucións básicas e complementarias correspondentes ao suprimido.

2. Os postos resultantes da constitución ou disolución de agrupacións serán clasificados polos órganos competentes das comunidades autónomas, conforme os artigos 8 e 13 deste real decreto.

**Disposición adicional terceira. *Comunidade autónoma do País Vasco e Comunidade Foral de Navarra.***

1. A aplicación deste real decreto na comunidade autónoma do País Vasco levarase a cabo de conformidade co establecido na disposición adicional segunda da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, de tal maneira que todas as facultades previstas respecto aos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional serán desempeñadas polas institucións competentes que estableza a normativa autonómica.

2. Respecto da comunidade foral de Navarra, haberá que atermose ao previsto na disposición adicional segunda da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

Disposición adicional cuarta. *Municipios de gran poboación.*

1. Nos municipios de gran poboación, as funcións de fe pública e asesoramento legal preceptivo, así como as de control e fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, e as de contabilidade, tesouraría e recadación, exerceranse nos termos establecidos no título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como na disposición adicional oitava desta.

Igualmente, será aplicable a anterior regulación aos cabidos insulares canarios nos termos establecidos na disposición adicional décimo cuarta da dita lei.

2. A clasificación dos postos reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, nos municipios incluídos no ámbito de aplicación do título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como nos cabidos insulares canarios, de acordo co disposto na disposición adicional décimo cuarta desta, efectuarase a comunidade autónoma correspondente, de acordo cos seguintes criterios:

a) O posto de secretario xeral do pleno está reservado á subescala de secretaría, categoría superior, e deberá clasificarse en clase 1.<sup>a</sup>.

b) O posto de titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local e ao concelleiro-secretario desta está reservado, igualmente, á subescala de secretaría, categoría superior, e deberá clasificarse en clase 1.<sup>a</sup>.

c) O posto de intervención xeral municipal está reservado á subescala de intervención-tesouraría, categoría superior, e deberá clasificarse en clase 1.<sup>a</sup>.

d) O posto ou postos correspondentes ao órgano ou órganos que teñan asignadas as funcións de contabilidade, tesouraría e recadación, así como as de orzamentación, se é o caso, estarán reservados á subescala de intervención-tesouraría, e poderán ser desempeñados por funcionarios pertencentes á categoría de entrada ou superior, dentro desta.

3. A provisión dos citados postos con carácter definitivo efectuarase polos sistemas de libre designación ou por concurso, de acordo co disposto pola corporación, e de acordo coa regulación establecida para ambos os sistemas de provisión neste real decreto.

Disposición adicional quinta. *Entidades de ámbito territorial inferior ao municipio.*

1. O desempeño das funcións de secretaría e intervención, tesouraría e recadación, nas entidades de ámbito territorial inferior ao municipio que gocen de personalidade xurídica e teñan a condición de entidade local, de acordo co establecido na disposición transitoria cuarta da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, efectuarao un funcionario con habilitación de carácter nacional que desempeñe as funcións de secretaría ou intervención, tesouraría e recadación no municipio ao que pertenza a entidade de ámbito territorial inferior ao municipio. No caso de entidades locais de ámbito territorial inferior a municipio con poboación inferior a 5.000 habitantes, poderán asignarse estas funcións a un funcionario de carreira da propia corporación, que preferentemente pertenza ao subgrupo A1 ou conte cunha titulación universitaria.

2. Así mesmo, por instancia da entidade, a secretaría poderá ser clasificada como posto independente polo órgano competente da comunidade autónoma respectiva, e reservarse á subescala de secretaría-intervención.

Disposición adicional sexta. *Postos reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional en consorcios locais creados con anterioridade á Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.*

Os postos reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional en consorcios locais creados con anterioridade á Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, poderanse

declarar a extinguir ou reclasificar en postos de colaboración da entidade local a que se adscriban.

Disposición adicional sétima. *Procesos de integración.*

Os funcionarios da escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, subescala de Secretaría-Intervención, que estean incluídos no subgrupo A2 dos previstos no artigo 76 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, poderán integrarse no subgrupo A1, logo de superación do proceso selectivo convocado para o efecto, sempre que estean en posesión da titulación académica requirida para o acceso ao dito subgrupo.

A integración non suporá cambio de posto de traballo nin poderá dar lugar a un incremento das retribucións globais que correspondan ao dito posto.

Disposición adicional oitava. *Exercicio electrónico das funcións reservadas.*

Para os efectos do exercicio en soporte electrónico das funcións reservadas aos funcionarios regulados no presente real decreto, os postos a eles reservados terán a consideración de órganos, sen prexuízo do disposto no título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Disposición transitoria primeira. *Expedientes disciplinarios en tramitación.*

Aos expedientes disciplinarios xa iniciados antes da entrada en vigor do presente real decreto non lles serán de aplicación as regras de procedemento deste, salvo que a nova regulación resulte máis favorable para o expedientado.

Disposición transitoria segunda. *Validez da clasificación actual dos postos reservados.*

Mantense a validez da clasificación actual dos postos reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, mentres non se proceda á súa modificación nos termos previstos neste real decreto.

Disposición transitoria terceira. *Funcionarios non integrados nas actuais subescalas da escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, pertencentes aos extinguidos corpos nacionais de secretarios, interventores e depositarios de Administración local.*

Os funcionarios non integrados nas actuais subescalas da escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, pertencentes aos extinguidos corpos nacionais de secretarios, interventores e depositarios de Administración local a que se refería a disposición transitoria primeira.<sup>1</sup> do Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, poderán concursar aos postos de traballo reservados á citada escala, nos termos seguintes:

1. Os secretarios de terceira, a postos reservados á subescala de secretaría-intervención.
2. Os secretarios de concellos «a extinguir», a secretarías de concellos con poboación que non exceda os 2.000 habitantes.

Disposición transitoria cuarta. *Persoal funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional pertencente á subescala de secretaría-intervención que non se integrase no grupo A, subgrupo A1.*

O persoal funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional pertencente á subescala de secretaría-intervención que non se integrase no grupo A, subgrupo A1, quedará como categoría «a extinguir» no grupo A, subgrupo A2, sen prexuízo

dos procesos de integración que se convoquen. Iso, non obstante, conservará os seus dereitos económicos e estará habilitado para desempeñar postos de traballo reservados a persoal funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional, nas mesmas condicións que o persoal funcionario integrado na subescala de secretaría-intervención.

Disposición transitoria quinta. *Concursos de provisión de postos de traballo reservados aos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional convocados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.*

Aos concursos de provisión de postos de traballo reservados aos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional que se convoquen con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto e da orde de desenvolvemento deste, seranlles de aplicación o Real decreto 1732/1994, do 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, e a Orde do 10 de agosto de 1994 pola que se ditan normas sobre concursos de provisión de postos reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Así mesmo, e mentres non se leve a cabo o citado desenvolvemento normativo, os criterios de recoñecemento e valoración dos cursos de formación e perfeccionamento de Administración local serán os establecidos en cumprimento do disposto no artigo 1.D da Orde do Ministerio de Administracións Públicas, do 10 de agosto de 1994.

Disposición transitoria sexta. *Réxime transitorio das funcións de tesouraría.*

1. As corporacións locais de municipios con poboación inferior a 50.000 habitantes ou orzamento inferior a 18.000.000 de euros cuxa secretaría estea clasificada en clase primeira e que contén coa autorización excepcional para o desempeño do posto de tesouraría da corporación á entrada en vigor deste real decreto deberán incluír o posto nos procedementos de provisión ordinarios dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, conforme o previsto no artigo 29 deste real decreto.

2. As corporacións locais cuxa secretaría estea clasificada en clase segunda, e o posto de tesouraría non estea reservada á escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional á entrada en vigor deste real decreto, deberán modificar a súa relación de postos de traballo e solicitar á comunidade autónoma correspondente a clasificación do posto como reservado a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional da subescala de intervención-tesouraría, para a súa inclusión nos procedementos de provisión ordinarios dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

3. Nas corporacións locais cuxa secretaría está clasificada en clase 3.<sup>a</sup>, excepcionalmente, a función de tesouraría desempeñárase o titular do posto de secretaría, sempre e cando non sexa posible que a dita función sexa exercida mediante agrupación de tesouraría, ou polas deputacións provinciais, entidades equivalentes ou comunidades autónomas uniprovinciais, a través dos seus servizos de asistencia técnica, ou a través de acumulación ou a través dun posto de colaboración ou ben non sexa posible o seu desempeño por funcionario propio da entidade local.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogados o Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional; o Real decreto 1732/1994, do 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional; o Real decreto 834/2003, do 27 de xuño, polo que se modifica a normativa reguladora dos sistemas de selección e provisión dos postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional; o Real decreto 522/2005, do 13

de maio, polo que se modifican os requisitos para a integración dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional pertencentes á subescala de secretaría-intervención e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Os preceptos contidos neste real decreto teñen carácter de normas básicas ao abeiro do artigo 149.1. 14.<sup>a</sup> e 18.<sup>a</sup> da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Autorización ao ministro de Facenda e Función Pública.*

Autorízase o ministro de Facenda e Función Pública para ditar as disposicións necesarias de aplicación e desenvolvemento deste real decreto, e para actualizar periodicamente as referencias cuantitativas contidas neste.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de marzo de 2018.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Función Pública,  
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

## ANEXO

### **Modelo de convocatoria conxunta e bases comúns polas que se deben rexer os concursos de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional**

Vacantes postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, aprobadas polas respectivas corporacións locais bases específicas para a súa provisión por concurso, determinados polas comunidades autónomas os méritos relativos ao coñecemento das súas especialidades de organización territorial e da súa normativa, e acordada, así mesmo, a súa convocatoria polos presidentes das corporacións locais interesadas mediante concurso ordinario.

De acordo co previsto no artigo 92 bis) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como neste real decreto.

Esta dirección xeral resolveu dar publicidade conxunta ás convocatorias de concursos efectuadas polas corporacións locais, con suxeición ás seguintes bases xerais:

Primeira. *Participación.*

1. Os funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional poderán concursar aos postos de traballo que, segundo a súa clasificación, corresponden á subescala e categoría a que pertencen.

Poderán participar, así mesmo, os funcionarios non integrados nas actuais subescalas, pertencentes aos extinguidos corpos nacionais de secretarios, interventores e depositarios de Administración local, nos termos seguintes:

Os secretarios de terceira, a postos reservados á subescala de Secretaría-Intervención.

Os secretarios de concellos «a extinguir», a secretarías de concellos con poboación que non exceda os 2.000 habitantes.

2. En calquera caso, os funcionarios con nomeamento provisional están obrigados a concursar á totalidade de postos ofertados na súa subescala e categoría.

3. Non poderán concursar:

a) Os funcionarios inhabilitados e os suspensos, en virtude de sentenza ou resolución administrativa firme, se non transcorrese o tempo sinalado nelas de suspensión.

b) Os funcionarios destituídos, a postos da corporación onde se produciu a sanción, se non transcorrese o prazo establecido nesta.

c) Os funcionarios nas situacións de excedencia voluntaria a que se refire o artigo 89.1.a) e b) do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, se non transcorrese o prazo de dous anos desde a pasaxe a estas.

d) Os funcionarios que non leven dous anos no último destino obtido con carácter definitivo en calquera Administración pública, salvo que o fagan a postos reservados á súa subescala e categoría na mesma corporación.

Non obstante, poderán concursar aínda que non leven dous anos no último destino obtido con carácter definitivo en calquera Administración pública, os funcionarios que se encontren nos supostos recollidos no punto 2.º da letra c) do punto 1 do artigo 27 do Real decreto polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

#### Segunda. *Documentación para participar.*

1. No prazo de quince días hábiles a partir da publicación conxunta do concurso no «Boletín Oficial del Estado», os funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional que desexen tomar parte dirixirán á corporación local a cuxo posto concursen a seguinte documentación:

Solicitud de participación con declaración xurada de non estar incurso en ningunha das circunstancias a que se refire o artigo 36.2 do Real decreto polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Documentación acreditativa de reunir o requisito do coñecemento da lingua da comunidade autónoma respectiva, e, se é o caso, dos méritos específicos do posto de traballo e dos de determinación autonómica, así como a relativa ao mérito xeral establecido no punto 1.g) do artigo 32 do Real decreto polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, referidos á conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

2. En caso de concursar simultaneamente a dous ou máis postos, os concursantes formularán orde de prelación de adxudicacións ante a Dirección Xeral da Función Pública. A orde de prelación deberá ser única e comprensiva da totalidade de postos solicitados, calquera que sexa a subescala e categoría a que correspondan. A formulación de prelación, cuxo obxecto é evitar a adxudicación simultánea de varios postos a un mesmo concursante, non substituirá, en ningún caso, a solicitud individualizada dirixida á corporación local convocante.

Os concursantes a postos de corporacións locais no País Vasco remitirán ás deputacións forais respectivas copia da orde de prelación.

3. A solicitud de participación e a orde de prelación deberán presentarse de acordo cos modelos que se achegan ao final destas bases.

4. Os requisitos exixidos, así como os méritos, deberán reunirse na data da resolución pola que se dispón a publicación da convocatoria conxunta.

#### Terceira. *Valoración de méritos.*

1. O tribunal de valoración comprobará a concorrencia nos concursantes dos requisitos que figuren na convocatoria, e excluírá aqueles que non os reúnan.



A continuación puntuará, respecto dos non excluídos, os méritos do seguinte modo:

A valoración de méritos xerais obterase da relación publicada na páxina web do Ministerio de Facenda e Función Pública, á mesma data que a convocatoria conxunta, sen que sexa posible acreditación adicional ningunha por parte dos concursantes nin valoración distinta por parte do tribunal.

A valoración de méritos específicos e de determinación autonómica efectuarase con base na acreditación achegada polos concursantes.

Respecto dos postos en que non existan baremos de méritos específicos, o tribunal asignará unicamente a puntuación de méritos xerais e de determinación autonómica se existisen.

2. Así mesmo, o tribunal poderá celebrar, se así o prevé a convocatoria específica respectiva, entrevista co concursante ou concursantes que considere conveniente, para a concreción dos méritos específicos ou de determinación autonómica. Para a celebración da entrevista, o tribunal notificará aos afectados, ao menos con seis días de antelación, a data, a hora e o lugar da súa celebración.

3. En caso de empate na puntuación final de méritos de dous ou máis concursantes, o tribunal dará prioridade na proposta de adxudicación a aquel que obtivese maior puntuación por méritos específicos. De manterse o empate, a favor de quen en méritos de determinación autonómica teña máis alta puntuación. De persistir este, a favor de quen en méritos xerais teña maior puntuación, segundo a orde de numeración do artigo 32.1 do real decreto. En última instancia, o empate resolverase con base na orde de prelación no proceso selectivo.

#### Cuarta. *Proposta de resolución.*

Efectuada polo tribunal a exclusión e puntuación final dos concursantes, elevará ao órgano correspondente da corporación, que teña atribuída a competencia de acordo coa lexislación vixente, proposta de resolución comprensiva de todos os non excluídos e as súas puntuacións ordenados de maior a menor puntuación, así como relación fundada de excluídos.

#### Quinta. *Resolución.*

1. A corporación resolverá o concurso de acordo coa proposta formulada polo tribunal de valoración.

2. A dita resolución será motivada con referencia ao cumprimento das normas regulamentarias e das bases de convocatoria. En todo caso, deberán quedar acreditadas, como fundamentos da resolución adoptada, a observancia do procedemento debido e a valoración final dos méritos dos candidatos e comprender, por orde de puntuación, a totalidade dos concursantes non excluídos.

3. A resolución do concurso será remitida á Dirección Xeral da Función Pública dentro dos trinta días hábiles seguintes á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

#### Sexta. *Coordinación de nomeamentos.*

A Dirección Xeral da Función Pública, transcorrido o prazo a que se refire a base anterior, efectuará a coordinación de resolucións coincidentes, con adxudicación final de postos atendendo á orde formulada polos interesados na orde de prelación e á puntuación obtida en cada un dos postos afectados.

#### Sétima. *Formalización de nomeamentos.*

De acordo co resultado da coordinación, nos casos de adxudicacións múltiples e das resolucións das corporacións locais, nos restantes, a Dirección Xeral da Función Pública

procederá a formalizar os nomeamentos, e á súa publicación no prazo dun mes, no «Boletín Oficial del Estado».

*Oitava. Prazo posesorio.*

1. O prazo de toma de posesión nos destinos obtidos no concurso será de tres días hábiles, se se trata de postos de traballo da mesma localidade, ou dun mes, se se trata de primeiro destino ou de postos de traballo en localidade distinta.

O dito prazo empezará a contar a partir do día seguinte ao do cesamento, que se deberá efectuar dentro dos tres días hábiles seguintes á publicación dos correspondentes nomeamentos no «Boletín Oficial del Estado».

Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse desde a dita publicación.

2. O cómputo de prazos posesorios iniciarase cando finalicen os permisos ou licenzas que, se é o caso, fosen concedidos aos interesados.

3. Por necesidades do servizo, mediante acordo dos presidentes das corporacións en que deba cesar e tomar posesión o concursante, poderase diferir o cesamento e a toma de posesión ata un máximo de tres meses, e deberá o segundo deles dar conta deste acordo á comunidade autónoma.

*Novena. Irrenunciabilidade e voluntariedade dos destinos.*

Os destinos adxudicados serán irrenunciáveis e terá carácter voluntario e non xerará, en consecuencia, dereito ao aboamento de indemnización por traslado.

*Décima. Cesamento e toma de posesión.*

1. As dilixencias de cesamento e toma de posesión dos concursantes que accedan a un posto de traballo, de acordo coa resolución do concurso, deberán ser remitidas á comunidade autónoma respectiva, dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se produzan.

2. A toma de posesión determina a adquisición dos dereitos e deberes funcionariais inherentes ao posto, e pasará a depender o funcionario da correspondente corporación.

*Décimo primeira. Comunidade Autónoma do País Vasco.*

O órgano competente de acordo coa normativa do País Vasco e a Dirección Xeral da Función Pública efectuarán a coordinación precisa para evitar os nomeamentos múltiples, no suposto de que se solicitasen postos no concurso ordinario convocado a nivel estatal, e o convocado no ámbito do País Vasco.

*Décimo segunda. Recursos.*

Os actos administrativos das corporacións locais e dos tribunais de valoración realizados no procedemento de concurso poderán ser impugnados conforme o previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo terceira. *Modelo de solicitude de participación.*

## MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN (1)

### I. Datos persoais

Apelidos.....  
Nome..... DNI..... NRP.....  
Domicilio (para efectos de notificación e comunicacións).....  
Rúa e número .....  
Código postal e localidade .....  
Provincia ..... Teléfono .....  
Correo electrónico .....

### II. Datos profesionais

Subescala (2) ..... Categoría .....  
Situación administrativa en que se encontre o concursante .....  
Destino actual .....  
Forma e data de nomeamento no destino actual (3) .....

### III. Datos do posto a que se concursa

Entidade local en que radica o posto .....  
Provincia .....  
Denominación do posto .....

Solicita tomar parte no concurso ordinario de traslado para funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, publicado por Resolución con data do ....., da Dirección Xeral da Función Pública, ao posto de traballo arriba indicado, e declara non estar incurso en ningunha das causas de exclusión indicadas na base segunda das comúns, e acompaña a documentación que se especifica ao dorso.

Lugar, data e sinatura

Sr. presidente da Corporación Local de.....

(1) Enviar unha solicitude ao presidente de cada corporación local cuxo posto se solicite no concurso. Acompañar, se é o caso, os documentos acreditativos do coñecemento da lingua da comunidade autónoma e a documentación acreditativa dos méritos específicos e de determinación autonómica alegados.

(2) Cubrir soamente a subescala e/ou categoría que faculta para concursar ao posto a que se refire esta solicitude.

(3) Definitivo ou provisional.

Décimo cuarta. *Orde de prelación de adxudicacións.*

### ORDE DE PRELACIÓN DE ADXUDICACIÓN (1)

#### I. Datos persoais

Apelidos .....  
 Nome ..... DNI..... NRP.....  
 Domicilio (para efectos de notificación e comunicacións) .....  
 Rúa e número .....  
 Código postal e localidade .....  
 Provincia ..... Teléfono .....

#### II. Datos profesionais

Subescala/s e categoría/s a que se concursa .....  
 Situación administrativa en que se encontre o concursante.....  
 Destino actual .....  
 Forma e data de nomeamento no destino actual (2) .....

Tendo solicitado tomar parte simultaneamente en distintos concursos de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional, publicados conxuntamente por Resolución da Dirección Xeral de Cooperación Local con data do ....., formula perante esa Dirección Xeral, de acordo co establecido na base terceira.2, das bases xerais desta convocatoria, a seguinte orde de prelación para o suposto de que lle fosen adxudicados dous ou máis dos solicitados:

N.º de orde	Corporación e provincia	Nome do posto
1.º		
2.º		
3.º		
4.º		
5.º (3)		

#### Data e sinatura

Dirección Xeral de Función Pública (4).  
 Subdirección Xeral de .....  
 (Registro de entrada de documentos do Ministerio de Facenda e Función Pública,  
 28071 Madrid).

- (1) Enviar un só modelo de orde de prelación que inclúa todos os postos solicitados no concurso ordinario.  
 (2) Definitivo ou provisional.  
 (3) Engádanse cantos números sexan precisos en función da extensión que se desexe dar á prelación.  
 (4) Se se solicitan postos no País Vasco exclusivamente, esta orde de prelación debe enviarse á Dirección de Rexistros Administrativos e de Réxime local. Departamento de Xustiza e Administración Pública. R/ Donostia-San Sebastián, 1. 01010 Vitoria-Gasteiz (Álava).